Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de ampliar o espazo para actividades e dotar dun novo comedor escolar ao CEIP Coirón-Dena, no concello de Meaño

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39964 (10/PNC-003216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o restablecemento pola Xunta de Galicia do servizo de transporte adaptado que viña utilizando unha nena dependente de Laxe para o seu traslado ao centro educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 39973 (10/PNC-003217)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Ministerio de Industria e Turismo en relación coa situación na que se atopa a empresa Isowat Made, do grupo Invertaresa, asentada no polígono de Agrela, na Coruña

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 39995 (10/PNC-003218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa situación laboral existente no Hospital Comarcal do Salnés

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 39998 (10/PNC-003219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación existente no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **núm. 35115 (10/INT-001170)** debatida na sesión plenaria do 7 de novembro, sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida.

MOCIÓN:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que:

- Incremente substancialmente o parque público de vivenda en aluguer, cunha intervención pública coordinada para a xeración suficiente de vivenda de promoción pública en alugueiro, incluíndo a rehabilitación das vivendas do IGVS que se atopen en mal estado e o desenvolvemento das posibilidades de incorporar ao patrimonio público de edificios e vivendas xa construídas de titularidade privada.
- Estableza un sistema de adxudicación de vivenda de promoción pública máis áxil e xusto, axustando a criterios obxectivos de necesidade e modificando con eses obxectivos os Decretos 253/2007 de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, e o decreto 1/2010, polo que se regula o Rexistro único de demandantes de vivenda de Galiza.

- Modifique a Lei 2/2016 do solo de Galiza co obxectivo de fixar no 30% a porcentaxe mínima de reserva de solo para vivenda con algún tipo de réxime de protección pública, eliminando as excepcións contempladas no artigo 42.9.
- Demande do Goberno do Estado a cesión das vivendas propiedade da SAREB en Galiza , nas zonas onde sexan necesarias para atender as necesidades de vivenda, para que se incorporen a dito Parque público de aluguer, que será xestionado polo IGVS e, no seu caso, polos concellos respectivos mediante o oportuno convenio.
- Incremente os orzamentos para as políticas de acceso á vivenda ata o 0,5% do PIB galego, e a mellorar os niveis de execución orzamentarios das partidas correspondentes á función de Vivenda.
- Estenda o censo de Vivendas Baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación. Intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.
- Esixa ao Goberno español a aprobación dunha norma regulamentaria que desenvolva o art. 72 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais para determinar os parámetros para considerar unha vivenda como desocupada, que permita a imposición efectiva de recargos no IBI naqueles concellos que así o acorden.
- Demande do Goberno español a modificación da Lei de Arrendamentos Urbanos que mellore a estabilidade dos contratos, limite o incremento dos prezos entre contrato e contrato, e limite as fianzas.



- Desenvolva un novo programa para prevención dos desafiuzamentos que sexa eficaz, que incremente a coordinación e conexión co sector do traballo social e, en última instancia que garanta o realoxo.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/11/2018 13:50:28

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 6 e 7 de novembro de 2018, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa Rede galego de atención temperá (10/INT-001283, doc. núm. 38782)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver e poñer en marcha, en colaboración coa Fegamp e coa AGAT, un plan de consolidación e extensión da Rede de atención temperá, accesible, próxima e gratuíta, que garanta a cobertura do 5 % da poboación infantil en 2020, así como un sistema estable de financiamento con fondos propios, que proporcione ás equipas a seguridade que precisa a súa actuación, e que valore a actividade profesional acorde co nivel de formación esixido, para elo:
 - 1.1 Incrementarase de maneira urxente a dotación orzamentaria da rede galega de atención temperá, co obxectivo de chegar ao final da X lexislatura aos oito millóns de euros anuais de investimento.
 - 1.2 Desenvolverase o Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, no referido a acreditación dos servizos e as súas dimensións, de tal maneira que en base a estándares profesionais contrastados as horas de servizo se calculen en relación á poboación diana que se debe protexer, se impidan as listas de agarda, e se regulen os tempos máximos de demora asistencial.
 - 1.3 Poñerase en marcha un software actualizado e profesional de xestión da atención temperá, co fin de reducir os procedementos administrativos, e facilitar a tramitación e concesión desta prestación.
 - 1.4 Restablecerase de maneira inmediata o Plan de formación anual e actualizarase, nun prazo máximo de seis meses, a Axenda de Atención Temperá para 2018-2020 coa participación das entidades interesadas.

1.5 Crearase un organismo administrativo específico, dedicado plenamente ao desenvolvemento, xestión, coordinación e avaliación da Rede galega de atención temperá.

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/11/2018 14:13:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/11/2018 14:13:59

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro, Daniel Vega Pérez, Encarna Amigo Díaz, María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Marián García Míguez e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Os seguros agrarios son unha eficaz ferramenta de protección dos agricultores e gandeiros de todo o Estado contra as adversidades meteorolóxicas, e outros fenómenos alleos ao seu control, que poidan causar perdas nas súas explotacións.

A Consellería do Medio Rural subvenciona a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a contratación de seguros agrarios, axuda que, engadida á que proporciona o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación mediante a Entidade Estatal de Seguros Agrarios(ENESA), supón un nivel de financiamento que, nalgúns casos, acada o 80% do custe neto das pólizas.

Deste xeito a aposta do goberno galego volveu a quedar de manifesto no proxecto de orzamentos para o 2019, no que destina 5 millóns de euros, incrementando a cantidade nun 8% respecto ao exercicio anterior, precisamente co obxectivo de acadar un maior número de beneficiarios en todos os eidos do noso agro.

De feito, nos últimos anos a contratación de seguros agrarios está a rexistrar un incremento importante en Galicia, favorecida polas campañas de fomento e divulgación

que leva a cabo a Consellería do Medio Rural en colaboración coa Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), pero consideramos que aínda se pode e se debe estender moito máis.

Posto que, a finalidade da contratación de seguros agrarios é conseguir que un maior número de agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento para facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións, como consecuencia das múltiples adversidades externas alleas o traballo e o bo facer dos produtores galegos.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a consolidar e desenvolver cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación dos seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión en todos os sectores produtivos galegos”.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2018 14:23:07

Moisés Blanco Paradelo na data 09/11/2018 14:23:20

Rosa Oubiña Solla na data 09/11/2018 14:23:27

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/11/2018 14:23:34

Raquel Arias Rodríguez na data 09/11/2018 14:23:45

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Carlos Gómez Salgado na data 09/11/2018 14:23:53

Jacobo Moreira Ferro na data 09/11/2018 14:24:01

Daniel Vega Pérez na data 09/11/2018 14:24:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/11/2018 14:24:17

Maria Antón Vilasánchez na data 09/11/2018 14:24:24

Jaime Castiñeira Broz na data 09/11/2018 14:24:34

Teresa Egerique Mosquera na data 09/11/2018 14:24:42

César Manuel Fernández Gil na data 09/11/2018 14:24:52

María Ángeles García Míguez na data 09/11/2018 14:24:56

Martín Fernández Prado na data 09/11/2018 14:25:07

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Soraya Salorio Porral e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o 29 de xullo de 2004, aprobou definitivamente o plan denominado Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo como plan sectorial de incidencia supramunicipal.

Este feito supuxo un fito histórico para a mobilidade da área da Coruña, que guiou o desenvolvemento da rede de estradas, con fitos neste tempo como a Terceira Rolda, o acceso ao porto exterior de Langosteira ou a Vía Ártabra, e proxectos en desenvolvemento como o Vial 18.

Non obstante, o paso dos anos e o desenvolvemento territorial aconsellan unha revisión e actualización deste Plan Sectorial.

Neste sentido, o pasado 22 de xuño a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mantivo unha reunión con concellos da área da Coruña, na que acordaron impulsar a renovación do Plan sectorial viario da comarca.

Sendo un asunto de importancia para a mobilidade, a seguridade viaria e a competitividade de toda esta zona, os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Licitar o antes posible a revisión do Plan Sectorial da rede viaria da área da Coruña.

2.No marco desa revisión, analizar o impacto das peaxes na área da Coruña, propoñendo medidas sobre eles para optimizar o funcionamento da rede de vías de alta capacidade.

3.Abordar a conectividade das áreas residenciais e industriais entre si e coa cidade da Coruña de cara a mellorar a favorecer a mobilidade dos usuarios e incrementar a competitividade económica, con especial atención ao transporte público”.

Santiago de Compostela, 2 de Novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/11/2018 13:12:34

Martín Fernández Prado na data 02/11/2018 13:12:51

Jaime Castiñeira Broz na data 02/11/2018 13:13:08

Diego Calvo Pouso na data 02/11/2018 13:13:17

Jacobo Moreira Ferro na data 02/11/2018 13:13:27

Marta Novoa Iglesias na data 02/11/2018 13:13:42

María Julia Rodríguez Barreira na data 02/11/2018 13:13:58

Gonzalo Trenor López na data 02/11/2018 13:14:24

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 02/11/2018 13:14:37

María Soraya Salorio Porral na data 02/11/2018 13:21:01

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu portavoz Luis Villares Naveira e os seus deputados **Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Pleno, relativa a declaración de Alcoa de pechar as súas factorías En A Coruña e Avilés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Seguro que non é preciso explicar a situación pola que están atravesando as traballadoras e traballadores da planta de A Coruña e da planta irmá de Avilés, pois cóstanos que a Xunta de Galicia está informada ao detalle.

Tamén nos consta que Alcoa pouco está colaborando, por non dicir nada, na busca de solucións de consenso onde prime o mantemento das plantas e a riqueza que esas mesmas xeran para as comarcas nas que están emprazadas e para o país.

Sabemos que tanto a administración do Estado como a de Galicia están moi decepcionadas pola conducta de Alcoa, pero podemos imaxinarnos como se senten os traballadores que durante anos loitaron por unha empresa que agora pretende deixalos tirados, sen mirar atrás. O seu sentimento non é de decepción precisamente, senón de rabia. Rabia pola presentación en si do expediente de extinción pero sobre todo pola maldade “innecesaria!” Empregada por Alcoa contra as miles de familias que dependen desta industria, pois neste proceso negóusenos calquera tipo de información, a posibilidade de dar a súa opinión ou aportar solucións.

As plantas son rendibles a pesares da política de abandono que Alcoa realizou desde que chegou para facerse cargo das mesmas e de estar intentando coa súa



política de Grupo danar a súa capacidade e agora ven a querer xustificar que é un problema de tecnoloxía e demais. Pois non, o que está pasando non é un problema de tecnoloxía, proba delo é que en Europa Alcoa ten outra planta (Noruega, planta de Lista) coa mesma tecnoloxía (Söderberg) que as da Coruña e Avilés e é moi rendible, polo tanto, a desculpa da tecnoloxía non se pode aceptar e hai que ver cales son as diferenzas entre plantas da mesma tecnoloxía para chegar a conclusións razoables e, a partir de aí, buscar solucións.

O Comité de Empresa sabe cales son os problemas e ten propostas que plantexar para que esas diferenzas con plantas europeas, coa mesma tecnoloxía, se acorten e incluso superalas, xa que a propia Alcoa leva anos dicindo que dentro da súa tecnoloxía as plantas de A Coruña e Avilés son as mellores plantas do mundo, e é necesario que os traballadores poidan ter a oportunidade de compartir estes coñecementos coa Administración central (Ministerio de Industria) e coa Administración autonómica (Consellería de Industria).

Estamos convencidos de que, se Italia foi capaz de rescatar da “chatarra” a planta de Portovesme que Alcoa cerrou no ano 2014 por un problema de regulación eléctrica incompatible coas normativas europeas, e que este ano inicia a posta en marcha con outro produtor distinto a Alcoa, aquí tamén atoparemos alternativas para a viabilidade das plantas de Avilés e Coruña.

España é un produtor moi importante da produción de aluminio e a súa transformación e os traballadores e as propias factorías teñen o coñecemento, as condicións e as instalacións para elaboralo. É o metal do futuro e se algo aprendemos dos americanos é que é un metal xoven que cada vez ten maior aplicación en máis sectores produtivos (automoción, aeroespacial, transporte, ferrocarril, naval, tecnoloxía, etc), pois a electrificación dos países é inevitable nos próximos anos e este metal é o complemento perfecto, pois pesa pouco, ten grande resistencia e recíclase no 100% cun aporte enerxético do 5% do empregado para a súa obtención primaria.



Este é un sector produtivo estratéxico de cara ao futuro e todo o aluminio primario que España produce é capaz de transformarse no noso país, pois incluso se importa ao chegar a cubrir as necesidades da industria augas abaixo.

Por todo o exposto, non podemos permitir que Alcoa cerre plantas en marcha e viables no noso territorio e menos vendo o que acaba de pasar en Italia, por elo En Marea facendo súa a proposta do Comité de Empresa traballará na busca de solucións de futuro polo que consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Instar a Acoa a retirar o expediente de despedido colectivo.
- 2.- Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica.
- 3.- Creación dunha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 18 meses, xestione un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.
4. Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período plantexado no punto 3 de 18 meses, unha nova regulación enerxética (eléctrica) similar a de outros países europeos, que faga viables esta o outras industrias electrointensivas.
- 5.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a vincular a concesión de calquera axuda ás empresas ao mantemento do emprego e instalacións.

6.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica e a propia Xunta de Galicia a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

7.- Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO2 dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidores de electricidade, lle fagan a competencia as factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

8.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica a convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

9.- Instar aos Ministerio de Industria e Transición Ecolóxica que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrumpibilidade, que terá que ser convocada de inmediato para os próximos anos, que compense un verdadeiro servizo de interrumpibilidade, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

10.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigir a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitirase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

11.- En caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda a compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

12.- Para evitar por todos os medios a parada técnica das factoría, estudar a aplicación do artigo 128.2 da Constitución Española tendo en conta que Alcoa e monopolística na fabricación de aluminio en España.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 12:05:15

Francisco Casal Vidal na data 05/11/2018 12:05:22

Antón Sánchez García na data 05/11/2018 12:05:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39622
Data envío: 05/11/2018 12:19:05.288

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39622
Data envío: 05/11/2018 12:19:05.288

non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Cada ano máis 5000 mulleres acuden aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39622
Data envío: 05/11/2018 12:19:05.288

1. Demandar do goberno central a constitución dun xulgado específico de violencia machista en cada unha das cidades galegas como paso previo á comarcalización destes, para o que se negociará un calendario de cumprimento e financiamento e se constituirá unha comisión de seguimento.

2. Levar a cabo a posta e marcha, no ámbito das súas competencias, dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

a. Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.

b. promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.

c. garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervéñen no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais;

d. evitar a violencia institucional, gravando ordinariamente as declaracións das mulleres e menores para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia;

e. garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima antes do remate de 2019;



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39622
Data envío: 05/11/2018 12:19:05.288

f.incluír nas avaliacións de risco a avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.

g. dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

3. Remitir nos dous primeiros meses de 2019 unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018, con especial atención ao eido xudicial e ao cumprimento dos compromisos económicos.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:19
Nº Rexistro: 39622
Data envío: 05/11/2018 12:19:05.288

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 11:27:37

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 11:27:42

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 11:27:43

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 11:27:45

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 11:27:47

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 11:27:49

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece no seu artigo 21º e para as ensinanzas de bacharelato que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.
2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnos/as para poder ser impartidas.
3. Con carácter xeral, a impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnos/as.
4. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a cinco.
5. Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.
6. As variacións no número de alumnos/as necesario para ofrecer algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará a autorización expresa da xefatura territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
7. A oferta das materias do bloque de troncais de opción e de materias específicas deberá atender os criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de

profesorado no centro e as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que, no caso do primeiro curso de bacharelato o alumnado cursará dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior, citando Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal.

Para o caso do segundo curso, o mesmo Decreto citado establece que na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Tanto no caso da materia de Grego I e a súa progresión Grego II como no da Xeoloxía, vemos que se consideran como materias da coñecida como parte voluntaria, conforme ao establecido na Resolución do 27 de marzo de 2018, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2018/19. Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e por outro limita esa posibilidade.

No caso do IES Lama das Quendas e do IES Val do Asma de Chantada atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

A este centro non lle foi autorizada a impartición das materias de Grego I, porque era demandado por tres alumnos e de Xeoloxía, porque a demandaban dous. O verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado con destino definitivo no centro que podería impartir ambas materias e, que polo tanto, non suporía en ningún caso, incremento de docentes; e isto é así porque ese profesorado está a facer gardas nas horas que podería estar impartindo esas materias.

Ante a situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a autorizar a oferta das materias de Grego I e Xeoloxía no IES Lama das Quendas de Chantada, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado da comunidade autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:29
Nº Rexistro: 39656
Data envío: 05/11/2018 17:29:05.043

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2018 16:32:07

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/11/2018 16:32:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 16:32:39

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As pensións públicas teñen constituído e constitúen na actualidade os ingresos principais para un gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Na actualidade existen máis de 750.000 pensións en Galicia, dentro dos máis de 9,5 millóns de España. A contía media desas pensión en Galicia son das máis baixas de España, situándose nunha media un 15 % inferior.

Pese a todo, as pensións téñense evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade, principalmente para moitas das áreas territoriais de Galicia onde constitúen a principal fonte de ingresos de moitos fogares.

Cabe recordar que o Goberno de España, cando gobernaba o Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas, entre as que se poden enumerar:

- A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado “*copago farmacéutico*” e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.
- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación do Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- A reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, que afectou, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, o sistema de revalorización, establecendo unha modalidade de actualización das

contías das pensións que impoñen unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Desde finais de 2016 e durante 2017 revalorizándose as pensións nun 0,25 % anual, pero os prezos incrementáronse moi por riba desa porcentaxe, resultando unha perda significativa do poder de compra das persoas pensionistas.

A pesares diso, o Goberno do Partido Popular non adoptou ningunha medida que permitise asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas nin medidas que lograsen o reequilibrio da situación financeira da Seguridade Social; pola contra, deixou case esgotada a denominada “hucha das pensións”, que ascendía a 67.000 millóns de euros cando o Sr. Rajoy accedeu á Presidencia do Goberno central.

Resulta pois urxente adoptar medidas de reforzo da estrutura dos ingresos de modo que se garanta un axeitado financiamento e sostibilidade do sistema de pensións, mantendo uns niveis dignos de cobertura, de tal xeito que se poida acadar a garantía de suficiencia na revalorización das pensións, sendo necesario que se tomen medidas para reparar a situación actual de insuficiencia de ingresos da Seguridade Social.

Co cambio de Goberno o 2 de xuño deste ano, o presidente Pedro Sánchez nomea á nova ministra de Traballo, Magdalena Valerio, que o 12 de xuño reúne novamente á Comisión do Pacto de Toledo acordando revalorizar todas as pensións públicas segundo o IPC en tempos de bonanza económica e seguir negociando para que tamén se acorde, por todos os grupos políticos, que esta revalorización sexa efectiva en épocas de recesión ou crise.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a recuperación da centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, rematando coas medidas restritivas postas en vigor nos últimos anos polo Goberno de Mariano Rajoy, e promovendo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:50:56

Noela Blanco Rodríguez na data 05/11/2018 17:51:05

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:51:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:52:18

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Consello de Ministros aprobou o 19 de xullo a proposta formulada polo Ministerio de Facenda sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das comunidades autónomas para o período 2019-2021, outorgando deste xeito unha maior marxe fiscal aos gobernos rexionais, establecendo un obxectivo de déficit dun - 0,3 % do PIB, e un obxectivo de endebedamento dun 23,7 % para 2019. Proposta que foi remitida ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e aprobada o 27 de xullo, non sendo posteriormente avalada polo Congreso dos Deputados; polo que, tal e como establece o artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remitiuse novamente unha nova proposta ao Consello de Política Fiscal e Financeira que foi aprobada o 22 de agosto con 8 votos a favor (Andalucía, Asturias, Cantabria, Comunidade Valenciana, Aragón, Castilla-La Mancha, Extremadura e Baleares) e 6 votos en contra (Galicia, A Rioxa, Murcia, Canarias, Madrid e Castela e León).

Esta senda, proposta á Comisión Europea, implica unha flexibilización do obxectivo de déficit en dúas décimas máis en 2019 para as comunidades autónomas respecto da senda anterior, o que supón para Galicia uns 60 millóns de euros máis cos que potenciar servizos públicos como a Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais, é dicir, mellorar o benestar social dos galegos e das galegas.

O Goberno galego votou en contra no Consello de Política Fiscal e Financeira nas dúas ocasións coa xustificación de que “*Galicia mantén a súa postura fronte á senda de déficit proposta polo Goberno central para 2019 porque implica máis débeda para os galegos*”, segundo o comunicación publicada pola Xunta de Galicia o 22 de agosto.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as actuacións necesarias para favorecer a nova senda de consolidación fiscal promovida polo Goberno de España que flexibiliza a marxe de déficit público para 2019, o que suporá cerca de 6.000 millóns máis para o conxunto das administracións públicas, e ao mesmo tempo apoiar que o obxectivo de déficit para Galicia se estableza no 0,3 % do PIB fronte ao 0,1 % previsto polo Goberno anterior, o que aumentará a posibilidade de gasto nunha contía de 120 millóns de euros adicionais no exercicio do ano 2019.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:52:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:53:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:53:09

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, e do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais e o Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionadas. En cumprimento destes principios, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 105.1 establece que: *“De conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotaranse ás facendas locais dos recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais”*; polo tanto, o cumprimento do principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberá dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, nas administracións máis importantes ante a cidadanía.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento local denominado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, pero, a pesar do disposto na normativa vixente os acordos tomados no seo da Fegamp, o financiamento das entidades locais segue a ser o tema pendente máis importante cos gobernos locais, que teñen asumido, ademais, das competencias propias unha serie de competencias impropias sen o financiamento necesario para levalas a cabo.

De igual xeito, as axudas, subvencións, convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non dan cumprimento co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno de Galicia.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Abordar para o 2019 a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, no que se incluírá a normativa xeral, con criterios obxectivos e transparentes, así como o reparto do Fondo de Compensación Interterritorial en Galicia.

2ª) Establecer para o 2019 un acordo coa Fegamp para o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso e a aplicación de criterios obxectivos.

3ª) Contemplan nos orzamentos para 2019 a recuperación do financiamento incondicionado aos concellos, cando menos aos niveis do exercicio de 2008, ao mesmo tempo dotar as contías necesarias para asumir o custe total do mantemento dos centros de educación primaria e dos centros de saúde, tal e como establece o Pacto local.

4ª) Realizar ante o Goberno do Estado as accións necesarias tendentes a acadar que as corporacións locais podan reinvestir o seu superavit anual.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:26
Nº Rexistro: 39687
Data envío: 05/11/2018 18:26:38.553



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:26
Nº Rexistro: 39687
Data envío: 05/11/2018 18:26:38.553

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:49:03

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2018 17:49:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/11/2018 17:49:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:49:30

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Dende a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde a inicios de 2018 os hospitais comarcais teñen estado no foco dos problemas de asistencia hospitalaria no Sistema galego de saúde, pois en numerosas ocasións se teñen dado escenarios de perda temporal de servizos pola ausencia de persoal ou problemas de recursos materiais. Así, constátase a realidade da súa perda de capacidade asistencial e a súa nula posibilidade de influír na toma de decisións, como foi alertado coa tramitación da devandita reforma da lei.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático. Un centro que viu nos últimos meses recortadas as súas prestacións ben por unha cuestión de recursos humanos, como no caso do servizo de medicina interna que antes do verán perdeu á metade dos seus integrantes, ou de recursos materiais, como a obrigada derivación de pacientes a Pontevedra ao avariarse o TAC do Hospital no mes de outubro e demorarse unha semana a atención para resolver o problema.

Nos últimos días de outubro e inicio de novembro, o Hospital do Salnés sufriu un novo problema serio ao ter que permanecer varios pacientes en cabinas de urxencias sen poder ingresar por non haber camas dispoñibles. Esta situación dáse ao estar a terceira planta do Hospital do Salnés pechada dende o mes de xuño, sen estar nin sequera dotado de persoal suficiente para poder atender a esa planta. A limitación de camas obrigou non so a estas citadas esperas en urxencias, senón a manter na segunda planta, destinada a outros fins, a ata 5 pacientes de obrigado illamento, o que limitou máis aínda a capacidade do hospital ao ter que dedicar habitacións dobres á atención individual debido á situación de illamento.

A situación de auténtica precariedade que viven os profesionais, sumada á previsión da chegada do inverno que aumenta a entrada no hospital de persoas afectadas polos previsibles episodios de gripe, provoca un enorme escenario de

incerteza para profesionais e pacientes, que observan como a calidade de atención do hospital descende polo desleixo e abandono por parte da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer un plan de contratación de persoal para o Hospital do Salnés que permita manter aberta a terceira planta do centro de maneira permanente.
2. Realizar un informe sobre a resposta ofrecida pola Dirección do centro ante as demandas de profesionais e persoas usuarias nos últimos días de outubro e primeiros de novembro, acerca das prolongadas esperas en urxencias de pacientes sen cama dispoñible para ingresar.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/11/2018 11:27:36

Noela Blanco Rodríguez na data 06/11/2018 11:27:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 11:30
Nº Rexistro: 39695
Data envío: 06/11/2018 11:30:01.065

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 11:27:45

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, e a deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia da grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deben ser corrixiadas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.
2. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior supuxo a extinción de ensinanzas por falta de alumnos interesados en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.

Por outro lado, é necesario mudar as políticas relativas os servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades, o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, desde os horarios ata o custo económico.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 2º) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.
- 3º) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2018 12:25:50

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2018 12:33:36

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 12:33:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, que foi declarada de interese galego pola Xunta, leva máis de dúas décadas adicada a promover a rehabilitación e reinserción social de persoas con trastornos de adicción, dirixindo a atención tamén ás familias, de xeito gratuíto.

En 2015, descólganse do Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social 2015-2017 e non hai vontade da Fundación de aplicar en 2018 dito convenio, que mesmo se negou a unha mediación. Lonxe diso, a Fundación represaliou a quen reclama melloras laborais, con aumento de horarios, prohibición de cambios de quenda, mensaxes e actitudes ameazantes, ceses e traslado de cargos con antigüidade e traxectoria avalada por teren reclamado os seus dereitos laborais e peche dos centros de Lugo e Pontevedra, así como negación de admisión de novos ingresos na Comunidade Terapéutica de Cernadas, a única que acolle en réxime de internamento a mulleres con fillos e fillas a cargo menores de 3 anos.

Na práctica, a Fundación mantíña un convenio de empresa encuberto, por baixo das condicións do convenio estatal:



- 1.826 horas de xornada fronte ás 1.750 h do Convenio Estatal.
- non se cobren os descansos mínimos do Estatuto de Traballadores.
- distribución irregular da xornada laboral, a criterio da dirección.
- traslados de persoal a criterio da Dirección.
- inclúese a categoría “terapeuta en formación”, que non existe no convenio estatal.
- 2 pagas extra, fronte ás 3 do Convenio Estatal.
- o persoal leva 2 anos sen recoñecementos médicos.
- percepción do 100% de salario só nos primeiros 8 días de baixa.

Asemade, falta un plan de prevención e avaliación de riscos, non hai formación continua interna pagada polo centro e o persoal actualízase pola súa conta, e, por outra parte, as propostas de mellora e actualización de métodos achegadas polo persoal nunca se teñen en conta, de xeito que Proxecto Home Galiza quedou atrasado a respecto do resto do Estado, con respecto á Asociación Proyecto Hombre.

A vulneración de dereitos laborais, xa en coñecemento da Inspección de Traballo, convértese nun problema social, pois afecta a servizos esenciais de atención a persoas con trastornos de adicción.

A Xunta debe integrar todo o sistema de atención a persoas drogodependentes no sector público, tal como sinalaba o Plan de Trastornos Aditivos de Galiza 2011-2016 nos seus obxectivos “garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde”; plan que, por outra parte, cómpre renovar, como obriga a propia Lei 2/1996 sobre drogas. Dita lei, ademais, no seu artigo 29, tamén sinala que a Xunta “promoverá a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede xeral de saúde e servizos sociais”.



Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Impulsar unha mediación no seo do Consello Galego de Relacións Laborais entre a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home e a representación do seu persoal.
- Impulsar unha auditoría económica sobre as achegas de fondos públicos á Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia.
- Presentar un plan para garantir a integración da asistencia a persoas con trastornos aditivos na rede xeral de saúde e servizos sociais.
- Elaborar urxentemente un novo Plan de Trastornos Aditivos actualizado.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 18:17:38

Eva Solla Fernández na data 06/11/2018 18:17:44

Flora María Miranda Pena na data 06/11/2018 18:17:50

Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 18:17:58

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, sobre a necesidade de introducir a psicoterapia na Atención Primaria de Saúde para o manexo dos malestares cotiás sen fomento da medicalización innecesaria da vida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, máis aló da ausencia de enfermidade ou doenza. Este concepto vai vencellado non só ás condicións físicas das persoas, senón tamén á súa cultura, ao entorno, aos seus determinantes sociais e emocionais. Neste contexto amplo, integral e dinámico desenvólvese a Atención Primaria de Saúde tomando como un dos seus referentes os documentos da Conferencia Mundial de Alma Ata.

A Atención Primaria de saúde reúne unhas características de integralidade, lonxitudinalidade, accesibilidade e coñecemento do medio que a fan máis eficiente para a consecución dos obxectivos de menor mortalidade, maior equidade, distribución máis equitativa dos servizos de saúde e menos hospitalizacións.



É variado o marco normativo e estratéxico que sitúa a Atención Primaria como o lugar axeitado para o manexo de trastornos mentais comúns como a ansiedade, a depresión e os trastornos adaptativos, así como a conveniencia do emprego de estratexias psicoterapéuticas no seu manexo (Estrategias de Salud Mental en España, Informes mundiais da OMS e da WONCA, Plan de Acción da OMS sobre Saúde Mental 2013-2020.)

O tratamento psicolóxico é unha das prestacións sanitarias básicas da carteira de servizos do *Sistema Nacional de Saúde* (SNS). As principais guías clínicas recollen que a psicoterapia é igual de eficaz que a medicación a curto e a longo prazo, reduce as recaídas e evita tanto a cronificación como efectos secundarios indesexados.

Ademais supón unha optimización de recursos públicos porque reduce custos directos en forma de psicofármacos e custos indirectos expresados en discapacidades e incapacidades laborais transitorias, con maiores cotas de benestar para as persoas usuarias. Isto redunda nunha maior xustiza distributiva dos recursos.

No noso país un terzo das consultas de Atención Primaria (AP) están motivadas por un problema relacionado coa saúde mental e, aínda que o tratamento psicolóxico está dispoñible no SNS, a súa accesibilidade para a persoa usuaria é extremadamente baixa. A lista de agarda sitúase entre 3 e 4 meses con revisións cada 1 ou 2 meses, co cal non resulta infrecuente que, ante esa demora, os pacientes escollan un tratamento farmacolóxico inmediato. O número de especialistas en psicoloxía clínica do Sergas estímase en 1.2 por cada 100.000 habitantes.

Con estes datos podemos asegurar que a día de hoxe, o tratamento psicolóxico



non é unha prestación real pola súa falta de accesibilidade. Iso contradí os preceptos da Lei de Autonomía do paciente, que establece que cada persoa escollerá tras recibir a información suficiente e necesaria entre os diversos tratamentos ofertados.

Diante disto, cómpre promover que a atención psicolóxica sexa unha prestación real á que as persoas poidan acceder desde o primeiro nivel asistencial. Polo tanto defendemos o desenvolvemento da atención psicolóxica en AP, a través da integración de psicólogas/os clínicos/as nos equipos de AP.

Ademais a AP adoita ser o dispositivo de primeiro contacto de persoas usuarias con trastorno mental grave e ideas suicidas. Situar profesionais especializados/as neste nivel sería relevante para manexar unha primeira intervención eficaz dentro do marco da saúde mental comunitaria.

Outro dos elementos que reforza a idea de que a Atención Primaria é o eslabón axeitado para o desenvolvemento dunha óptima atención á saúde mental das persoas é que se desenvolve no contexto comunitario, no que é posible avaliar mellor todos os factores que determinan a súa saúde: o ámbito laboral, profesional, relacional, familiar, económico, de parella, cultural... Isto permite desenvolver unha atención máis baseada na equidade, principio bioético esencial na xestión de recursos e na mellora das condicións de vida das persoas: “a cada quen, o que precisa”.

A elevada prevalencia dos trastornos emocionais na consulta dos/as médicas de familia contrasta con que na maioría das ocasións non dispoñen de tempo suficiente para tratalos de xeito non farmacolóxico, inducendo así un fenómeno de medicalización excesiva dos malestares emocionais da vida cotiá que compre abordar. Non só desde unha perspectiva de mellora das condicións de vida da



xente e de fomento da súa autonomía, senón da propia sostenibilidade do sistema sanitario.

A Atención Primaria de saúde é tamén o contexto idóneo para evitar que conflitos de índole social, profesional ou relacional se patoloxicen, ou sexa, para exercer a chamada prevención cuaternaria. Por tanto, o obxectivo principal da atención en AP á saúde mental é o de contextualizar o sufrimento na biografía e nas circunstancias persoais de cada persoa, axudándoa a xestionar as súas preocupacións e malestares fóra do contexto sanitario.

Se apostamos por aplicar a vontade política en mellorar os estándares de saúde das galegas e dos galegos deberíamos considerar o modelo biopsicosocial en toda a súa extensión, priorizando a atención á saúde mental das persoas desde a Atención Primaria tal como recomendan numerosas institucións sanitarias internacionais.

Mesmo organismos como a OMS e o Banco Mundial (na súa búsqueda de explotar criterios economicistas) poden servirnos neste caso de aliados ao publicaren, xunto coa revista The Lancet que cada dólar investido en saúde mental supón catro de aforro (por se non fose suficiente o argumento da mellora da calidade de vida e da saúde da poboación).

Se revisamos a situación da atención á Saúde Mental noutras comunidades veremos que en non poucos Parlamentos foron adiante propostas relativas á introdución da psicoloxía clínica no entorno da Atención Primaria: en Asturias, Baleares, Catalunya e Madrid xa foi aprobado, nalgunha delas por unanimidade. É significativo que a orixe da proposta fose do máis diverso según comunidades. En Navarra, Valencia, Murcia, Aragón e Castela-León esta proposta se atopa en fase de tramitación. Non desexamos que Galicia quede atrás.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte



Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer efectiva a presenza de especialistas en psicoloxía clínica no entorno da Atención Primaria de saúde co obxecto de abordar desde unha perspectiva biopsicosocial o transtorno mental leve (ansiedade, depresión e transtorno adaptativo) evitando a medicalización excesiva, procurando maiores cotas de benestar nas galegas e galegos mediante o tratamento psicoterapéutico, establecendo un plan individualizado para cada persoa en base a criterios de equidade, detectando o risco de suicidio e a patoloxía mental grave e evitando, de modo consecuente, costes secundarios en termos económicos, sociolaborais e de saúde.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 06/11/2018 18:19:21

Eva Solla Fernández na data 06/11/2018 18:19:37

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 18:19:44



Paula Quinteiro Araújo na data 06/11/2018 18:19:49

Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 18:19:59

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Miguez, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos:

O pasado 16 de outubro celebrábase en Madrid unha nova xuntanza do Consello Nacional da Auga, un foro do que forman parte a Administración xeral do Estado, as Comunidades Autónomas, os entes locais e os organismos de conca, ademais de organizacións profesionais e económicas relacionadas coa auga, así como entidades empresariais e sindicais do sector e grupos ecoloxistas.

Entre os asuntos abordados nese encontro estiveron os plans de prevención das inundacións e os plans especiais contra a seca, cuestións de máximo interese para o Goberno galego, dado o actual contexto de cambio climático e tendo en conta as situacións que se viviron non hai tantos meses, en particular, nos concellos que se alimentan dos recursos hídricos procedentes dos encoros de Eiras e de Zamáns.

Neste sentido, coñecemos tamén que desde o Goberno galego se está a traballar na nova planificación hidrolóxica na demarcación Galicia-Costa, e nas medidas para garantir o abastecemento da poboación en situación de ausencia prolongada de precipitacións como a que se viviu na Comunidade galega en 2016 e 2017.

O pasado 25 de outubro tivo lugar un encontro entre a Xunta, o Goberno do Estado e o Concello de Vigo na que se abordou conxuntamente esta situación e se deron pasos para avanzar en medidas estruturais para garantir o abastecemento de auga nesta comarca.

Entre outros acordos, acadouse o compromiso de realizar conxuntamente un estudo sobre a mellor medida estrutural para garantir o abastecemento de Vigo e a zona sur da provincia de Pontevedra.

Neste grupo parlamentario consideramos prioritario que as distintas administracións traballen de forma conxunta para evitar posibles situación de seca que deriven en falta de abastecemento á poboación, unha materia que é de competencia municipal, adoptando as medidas preventivas oportunas para tratar de evitar no futuro estas situacións.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Conxuntamente co Goberno do Estado e co Concello de Vigo, impulsar e axilizar o convenio de colaboración entre as tres partes para avanzar na realización do estudo de alternativas que analice en detalle o mellor xeito de garantir o abastecemento de auga na comarca de Vigo.
- 2.- Dirixirse ao Goberno de España para solicitar a declaración como actuación de interese xeral do Estado das obras necesarias para garantir o abastecemento na área de Vigo, se así o aconsellan os resultados do dito estudo.
- 3.- Dirixirse ao Concello de Vigo para que, de modo urxente a concesionaria, Aqualia, mellore a capacidade de tratamento da estación potabilizadora, corrixindo as deficiencias actuais, que impiden que a ETAP poida tratar auga para o consumo cando o encoro de Eiras baixa do 40% da capacidade”.

Santiago de Compostela, 6 de Novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/11/2018 18:13:53

Teresa Egerique Mosquera na data 06/11/2018 18:14:01

María Ángeles García Míguez na data 06/11/2018 18:14:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2018 18:14:28

Gonzalo Trenor López na data 06/11/2018 18:14:39

Martín Fernández Prado na data 06/11/2018 18:14:48

Jaime Castiñeira Broz na data 06/11/2018 18:14:59

Jacobo Moreira Ferro na data 06/11/2018 18:15:08

Marta Novoa Iglesias na data 06/11/2018 18:15:21

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/11/2018 18:15:34

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/11/2018 18:15:55



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:50
Nº Rexistro: 39772
Data envío: 07/11/2018 10:50:39.915

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confraría de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a ría, constatándose ano tras ano que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á Rexeneración medioambiental e da Recuperación dos bancos marisqueiros da Ría do Burgo.

Non hai avances na recuperación medioambiental, a Xunta de Galicia non ten adoptado ningunha medida máis cá propaganda, os grandes anuncios de actuacións que nunca se levan a cabo, ou fraudulentas reivindicacións contra o Goberno español cando non é da súa cor política.

Temos si un acordo unánime desta cámara de hai poucas semanas de instar ó goberno central de incluír nos orzamentos do estado a cantidade necesaria prá rexeneración pendente que supera os 46 millóns de euros. Houbo tantas manobras dilatorias duns e doutros que o escepticismo está instalado nos afectados. Non así a continuidade da loita que é cada vez máis sólida e firme.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:50
Nº Rexistro: 39772
Data envío: 07/11/2018 10:50:39.915

En todo caso, a realidade é que cada día e ano que pasa, as principais vítimas da contaminación na Ría do Burgo, os colectivos de mariscadores e mariscadoras, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da Ría.

Non abondando con este panorama, a situación do posto de control situado en terreos cedidos por COPIGAL á beira da Ponte da Pasaxe, no Concello de Oleiros encontrase nun estado lamentable. Neste posto procédese a seleccionar e cribar o marisco e á súa pesaxe para despois levalo a depurar. Tamén se usa para que se cambien os mariscadores. Carece de auga e de subministro de enerxía eléctrica (usan un xerador). Froito disto non se poden asear, nin dispor (por exemplo) dun ordenador.

Pero hai máis. Inicialmente non estaba contemplado o cese de actividade por presenza de toxinas (afecta aos traballadores do mar) mais tras unha modificación agora si que se contempla. O problema é que non teñen dereito a prestación ata o primeiro día do mes seguinte aínda que non ocorre así á inversa.

Poñámonos no caso, unha ría pecha ao marisqueo por presenza de toxinas o 4 de maio mais non se lle reconece a prestación ata o 1 de xuño, porén, se a ría volve abrir o 16 de xuño teñen que se reincorporar ao traballo ese día cobrando só 16 días de prestación e quedando así sen ingresos entre o 4 de maio, peche da ría, e o 1 de xuño, cando empeza a computar o período de cobro da prestación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:50
Nº Rexistro: 39772
Data envío: 07/11/2018 10:50:39.915

-Dotar aos mariscadores da Ría do Burgo dun posto de control que reúna as condicións mínimas esixíbeis.

-Negociar, con tal fin, cos Concellos de A Coruña e/ou Oleiros a cesión do terreo ou no seu defecto negociar coa demarcación de costas autorización para construílo en dominio público marítimo- terrestre.

-Solicitar do goberno do Estado a modificación da Lei 32/2010 pola que se establece un sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos coa finalidade de asegurar que o cobro da prestación por cese de actividade por presenza de toxinas ao que teñen dereito os mariscadores e mariscadoras cubra o período íntegro de cese de actividade.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2018 10:50
Nº Rexistro: 39772
Data envío: 07/11/2018 10:50:39.915

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 10:43:16

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 10:43:24

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 10:43:26

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 10:43:27

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 10:43:29

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 10:43:30

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende 2014 estamos nunha fase alcista do ciclo económico; durante o primeiro trimestre de 2017, o PIB acadou niveis previos á crise, pero o reparto da riqueza é cada vez máis desigual.

O mercado laboral do País precarizouse, o que, unido a un sistema fiscal inxusto e ás altas remuneracións de accionistas e altos directivos contribúe a un aumento da fenda social, que se agranda a costa das persoas con menos ingresos.

O falso debate sobre se o aumento do SMI castigará a contratación de persoas mozas ou con menos cualificación profesional agocha que a clase traballadora xa foi a máis castigada a nivel laboral e fiscal e sobre a que pesa a desigualdade, a vulnerabilidade e a exclusión social. Asemade, as mulleres son as que ocupan os empregos máis precarios e sobre as que pesa unha fenda salarial inasumible.

Fronte á recuperación e aumento do PIB a respecto de antes da crise, os salarios non se recuperaron, malia que os beneficios empresariais si que o fixeron no segundo trimestre do 2017, acadando o 8,3% por riba do 1º trimestre de 2009.

Non foi unha crise, foi unha estafa.



Segundo un estudo de La Caixa, a vulnerabilidade económica afecta xa ao 32,6% da poboación do conxunto do Estado español. É dicir, a renda familiar destas persoas non supera o 60% do ingreso mediano que recibe unha familia estándar. A estes efectos, considéranse que o limiar de vulnerabilidade é o 60% para unha familia composta de parella con dúas crianzas menores de 14 anos cuns ingresos de 1.800 euros anuais establecidos en 12 pagas. O 60% de 1.800 euros son 1.080 euros.

Ademais, un 8,8% da poboación sofre pobreza monetaria e material, algo que afecta a máis mulleres que homes.

Segundo este estudo, un 3,3 % da poboación en Galicia non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días; un 6,7 % da poboación galega non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada; un 4,3 % da poboación galega tivo atrasos no pago relacionados coa vivenda principal nos últimos doce meses e un 38,7% da poboación en Galicia non pode permitirse ir de vacacións unha vez no ano.

Estes datos demostran que a recuperación económica despois da chamada crise non chega á maioría social, pois os fogares máis pobres resultaron, namentres que as rendas máis ricas permaneceron inalteradas mellorando os seus ingresos e acaparando a riqueza, pois as persoas máis ricas do conxunto do Estado cuadruplicaron a súa riqueza.

No informe presentado pola organización Intermón Oxfam “Premiar o traballo, non a riqueza”, a organización denuncia que o 82% da riqueza mundial xerada durante o ano 2017 pasou a mans do 1% máis rico da poboación mundial e que o 50% da poboación máis pobre (3700 millóns de persoas) non se beneficiaron de dito crecemento. A tendencia no estado español é a mesma: mentres que o 1 % acaparou o 40% da riqueza creada, o 50% máis pobre apenas só puido repartirse un 7%.



En Galiza hai 108.000 persoas en situación de pobreza severa, con ingresos inferiores a 342 euros ao mes. Cos 18 millóns de euros que os agasallos fiscais de Feijóo aforran á persoas máis ricas poderían vivir 54.000 persoas, a metade da poboación galega máis necesitada.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Impulsar, antes de mediados de 2019, un mapa social sobre o alcance da desigualdade económica en Galiza.
2. Diseñar e impulsar, antes de mediados de 2019, xunto cos colectivos e entidades que traballan no eido da pobreza e a exclusión social, así como cos sindicatos de clase, un plan de redución da desigualdade económica no noso País.
3. Dar marcha atrás na rebaixa do imposto do patrimonio para aquelas persoas que teñan máis de 700.000 €.
4. Dotarse dun verdadeiro sistema de renda mínima galega que garante atender á poboación en risco de pobreza.
5. Impulsar unha negociación colectiva de ámbito galego para acadar acordos que permitan elevar os salarios galegos, canto menos, á media estatal.
6. Trasladar ao Goberno do Estado que se derroque a reforma laboral do ano 2012.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea



Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 14:11:13

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 14:11:33

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Isabel Novo Fariña, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, César Fernández Gil, Carlos Gómez Salgado, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Domingo Fontán é un dos personaxes máis ilustre e importante de Galicia: xeógrafo, matemático, político, astrónomo, enxeñeiro, filósofo....

Entre os seus innumerables traballos e aportacións á súa terra que tanto amou e defendeu para poder melloralala está o seu logro máis trascendente deste sabio de Porta de Conde a primeira Carta Xeométrica de Galicia.

O mapa de Fontán foi unha obra de enorme importancia para a historia, xeografía e xeometría galega e española pois foi quen lle puxo rostro á nosa terra. Unha obra adiantada ó seu tempo no territorio peninsular que foi o resultado dun laborioso traballo durante 17 anos recorrendo as catro provincias galegas. Un traballo no que podemos observar tres grandeas: a científica, a técnica e a filosófica.

Un longo camiño lévase feito para que este ilustre teña o seu espazo na súa terra que o viu nacer. Creouse unha Asociación Cultural e Deportiva Domingo Fontán que durante todo o ano trata de realizar diversos actos culturais, tanto en Santiago como na Casa Biblioteca Domingo Fontán co apoio sempre do Concello de Portas.

Neste ano 2018 déronse grandes pasos e avances pero debemos seguir descubrindo a Fontán.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, para que dentro dos avances que se están facendo de difusión e posta en valor da figura de Domingo Fontán, se habilite na Casa Biblioteca Domingo Fontán en Porta de Conde, a súa terra natal, un museo no que se expoña o seu traballo e obra e poida ser visitado para divulgar a súa vida e obra.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2018 14:32:24

María Isabel Novo Fariña na data 07/11/2018 14:32:34

Maria Antón Vilasánchez na data 07/11/2018 14:32:40

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2018 14:32:49

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2018 14:33:00

Carlos Gómez Salgado na data 07/11/2018 14:33:03

Antonio Mouriño Villar na data 07/11/2018 14:33:11

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2018 14:33:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Martín Fernández Prado na data 07/11/2018 14:33:24

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Todos os días do ano deberían ser 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

O Grupo Parlamentario Socialista quere manifestar o seu firme compromiso coas mulleres vítimas desta lacra social que debe ser erradicada. E para iso necesitamos o compromiso individual de todos a cidadanía, homes e mulleres, e o compromiso colectivo de toda a sociedade. Non un só día, senón todos os días do ano. A violencia machista nos interpela a todos e todas e a nosa obriga é combatela con todos os medios, empezando polas administracións, cada unha desde as súas competencias.

Para o Grupo Parlamentario Socialista, garantir unha vida libre de violencia para as mulleres, as súas fillas e fillos, é un obxectivo prioritario. Non seremos unha democracia plena mentres existan mulleres ameazadas e inseguras e mentres algunhas destas mulleres acaben asasinadas.

A violencia de xénero non ten cabida na sociedade que queremos ser, nin na democracia que queremos consolidar. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga. As mulleres teñen dereito a vivir en liberdade e a que as súas vidas non estean en perigo polo feito de ser mulleres.

O combate contra a violencia machista e a atención ás vítimas non poderá avanzar se non se establecen mecanismos de coordinación entre as diferentes administracións con competencias na materia. Todas as institucións teñen que remar xuntas nese obxectivo, por enriba de formulacións políticas e estratexias. E para que iso sexa posible, hai que dotar as administracións dos recursos económicos e do persoal especializado que se require.

O Congreso e o Senado aprobaron fai un ano as medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cun amplo consenso entre todos os grupos.

Desde xuño de 2018, España conta cun novo Goberno. Un goberno feminista comprometido coa igualdade e empeñado en acabar coa violencia de xénero. Das palabras tense pasado ós feitos. Do inmovilismo á acción e se teñen posto en funcionamento moitas das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Na reunión da Conferencia Sectorial de Igualdade celebrada o pasado 31 de xullo, á que tamén asistiron representantes da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), acordaron por unanimidade os criterios para o reparto dos 100 millóns de euros correspondentes ás comunidades e cidades Autónomas previstos no Pacto de Estado, e se distribuíu o fondo procedente da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero de 9,5 millóns de euros. Do mesmo xeito, aprobáronse os criterios para o reparto dos 20 millóns de euros contemplados para os concellos.

O 3 de agosto aprobouse un real decreto lei que xa foi validado por unanimidade no Congreso dos Deputados, que:

- Devolve as competencias ós concellos na promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, e establece o reparto dos 20 millóns de euros comprometidos no Pacto, que se dobrarán ata 40 millóns no vindeiro ano. Os concellos son unha peza imprescindible nesta batalla, o primeiro recurso, e en ocasións o único, que teñen ó seu alcance as vítimas.
- Modifica a Lei integral contra a violencia de xénero para mellorar a asistencia nos procesos xudiciais e facilitar o acceso ós recursos de asistencia, ó introducir que a acreditación de situacións de violencia poida realizarse a efectos administrativos mediante informe dos servizos sociais ou dos servizos de acollida. Deste xeito se facilita o acceso a dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social.
- Modifica o Código Civil para que os menores expostos á violencia de xénero só necesiten o permiso dun proxenitor para recibir atención psicolóxica. Un maltratador non pode ser un bo pai.

Por outro lado, se volveu a poñer en funcionamento o Observatorio de Saúde das Mulleres. Tamén se previron solucións habitacionais para mulleres vítimas de violencia de xénero dentro do Plan estatal de vivenda. E o vindeiro curso escolar contará con materias en valores e dereitos de igualdade.

De igual modo, nestes momentos, estase a tramitar no Congreso dos Deputados a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para reformar a Lei orgánica

do poder xudicial, co obxectivo de formar ós xuíces e maxistrados en materia de igualdade, así como para aumentar o número de xulgados do penal especializados en violencia machista.

Tamén recentemente, o Congreso dos Deputados ten admitido a trámite a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para garantir a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, para avanzar na igualdade efectiva no ámbito empresarial e laboral.

Por outra banda, no avance dos orzamentos para 2019, o Goberno de España comprometeuse a financiar de xeito completo o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Polo que respecta á Xunta de Galicia, dende o Grupo Parlamentario Socialista vén solicitando retiradamente o aumento das partidas de igualdade. Este ano o incremento nas políticas de violencia de xénero, foi froito fundamentalmente da aportación de algo máis de 8 millóns por parte do Estado pola aprobación do Pacto de Estado da Violencia de Xénero, pero no relativo a aportación por fondos da propia Comunidade deixan constancia da falla de intención da Administración autonómica para sumar esforzos ao menos en igual proporción e atallar este grave problema que afecta directamente ás mulleres galegas.

As medidas que se prevén poñer en práctica para o 2019, segundo a memoria orzamentaria presentada, responden en gran medida as recomendacións da propia Ponencia desenrolada na Comisión de Igualdade, sen embargo chama poderosamente a atención como se obvia absolutamente algún tipo de medida ou acción directa no rural galego. Máxime cando do reparto que fixo o Estado de 10 millóns entre todas as comunidades autónomas en función da condición rural, Galicia é a Comunidade que recibe máis fondos, exactamente un 31,5 % do seu total, o que supón practicamente o 40 % do total de 8.027.342,48 €.

O gasto deses fondos recibidos do Estado ten que xustificarse coa posta en práctica de calquera das medidas reflectidas no Pacto de Estado, polo que parece que un 40 % das mesmas en coherencia cos criterios de adxudicación deberan ir destinadas especialmente á política de prevención da violencia de xénero no rural. Nin un só comentario na memoria de orzamentos ó respecto, nin un só.

En definitiva, consenso, si, pero compromiso político tamén.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Impulsar, en coordinación co resto de administracións, as medidas recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto no ámbito educativo, social, xurídico, económico, de protección, concienciación e sensibilización social.
- 2) Poñer en marcha plans específicos que favorezan a prevención da violencia no rural galego, cun estudio previo da realidade específica desta poboación, e dedicando para tal fin ao menos o 40 % do total dos fondos asignados, acorde coa porcentaxe asignada polo Goberno do Estado pola condición especialmente rural de Galicia.
- 3) Favorecer a negociación ca Administración xeral do Estado que permita un incremento para o ano 2019 das partidas orzamentarias destinadas ás comunidades autónomas e concellos para a loita contra a violencia de xénero.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 07/11/2018 17:07:09

María Dolores Toja Suárez na data 07/11/2018 17:07:14

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2018 17:07:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/11/2018 17:07:26

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/11/2018 17:07:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 17:07:33

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR), establece as obrigas dos axentes e das empresas que comercializan madeira e os seus produtos de dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, Regulamento que pertence ao ordenamento estatal dende o ano 2015. As dúas normas significan que as empresas están obrigadas polo chamado “sistema de Dilixencia Devida”, que consiste na obriga dos axentes e das empresas de realizar un exercicio de xestión do risco que permita reducir ao mínimo o perigo de comercialización na UE de madeira aproveitada ilegalmente. Ocorre que o Goberno galego se inhibe das súas obrigas para cumprir toda a lexislación (europea, estatal e galega) e non está a evitar a entrada de madeira ilegal no país.

Así, a organización ecoloxista “Greenpeace” ten solicitado á Xunta de Galicia que investigue a posible entrada a través de portos galegos de madeira de teca de Myanmar (antiga Birmania) procedente de actividades forestais ilegais, que se está a empregar nas cubertas de cruceiros de luxo construídos no porto de Vigo. Existe un amplo consenso dentro das distintas administracións, das federacións da industria, das entidades de supervisión de EUTR, das ONG e dos expertos sobre o alto risco de ilegalidade da madeira procedente de Myanmar: a propia Asociación Española de Industria e Comercio da Madeira aconsellou aos seus asociados non importar madeira procedente deste país, Nacións Unidas para o Medio Ambiente elaborou informes que corroboraron as recomendacións do sector importador desta materia prima e tamén o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desaconsella as importacións de teca deste país.

O Goberno galego descoñece absolutamente o que significa o “sistema de Dilixencia Devida” e as obrigas que ten na aplicación do Regulamento EUTR. Basta con visionar as respostas a este grupo parlamentario por parte do director Xeral de Política Forestal para se dar de conta. E iso que a Lei de montes de

Galicia recolle no seu artigo 104 que a Xunta de Galicia adoitará as medidas oportunas para evitar a comercialización da madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais nos bosques naturais de terceiros países.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, en relación coas obrigas dos axentes e das empresas que comercializan madeira e os seus produtos de dispoñer dun procedemento interno que analice e minimize os riscos de comerciar con madeira de orixe ilegal, a:

1. Que cumpra o Regulamento (EU) 995/2010, do Parlamento e do Consello da UE (Regulamento EUTR).
2. Que demande do Goberno do Estado que emita medidas cautelares ás empresas que non cumpriran plenamente co “sistema de Dilixencia Devida”

Pazo do Parlamento, 7 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/11/2018 17:33:09

Raúl Fernández Fernández na data 07/11/2018 17:33:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/11/2018 17:33:20

María Luisa Pierres López na data 07/11/2018 17:33:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/11/2018 17:33:28

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 por un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia, pois había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Os GES cobren zonas rurais e concellos de menos de 20.000 habitantes. Na actualidade, as 300 persoas que conforman os GES prestan servizo a 174 concellos, dos 313 concellos existentes.

No relativo ás competencias correspondentes á Xunta de Galicia, establecíase que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza era o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura. Pola súa banda, a Consellería de Medio Rural era o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Ás Deputacións provinciais corresponderíalles a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e



adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia, e en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma co fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal. De acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias garantindo a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios.

Pola súa banda, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Co convenio orixinal (asinado en 2012 e vencido a 31 de decembro de 2015), prorrogado nunha primeira ocasión ata o 31 de decembro de 2018, prantéxase agora a posibilidade de prorrogalo outros tres anos, ata o 31 de decembro de 2021.

Segundo o convenio en vigor, a Xunta -a través de Vicepresidencias e da Consellería de Medio Rural- financia o 60% do custe, os concellos un 20% e a deputación respectiva o 20% restante.

Os GES foron para as emerxencias e cunha concepción como servizo municipal: ao servizo das alcaldías, como demostran as competencias definidas no convenio da súa creación, os procesos selectivos establecidos, un financiamento incomprensible e unha distribución territorial cuestionable nalgúns casos.

Xa no convenio de creación dos GES se establecía, e mantense actualmente, unha “Comisión de Seguimento” para o seguimento e coordinación das accións



previstas no convenio. Nesta Comisión están representadas a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Rural, as Deputacións e a FEGAMP. As súas funcións son velar polo cumprimento do convenio, propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes, resolver problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na aplicación do convenio, etc.

Esta Comisión de Seguimento está constituída, ademais de por representantes da Xunta, FEGAMP e Deputacións, por representantes de administracións (alcaldías) que na maioría dos casos son alcaldes de concellos sede de GES, o que fai cuestionable que o control e fiscalización do servizo que realicen sexa obxectivo e rigoroso.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a incluír á Asociación de Grupos de Emerxencias Supramunicipais de Galicia (AGESGA), como representación dos GES na Comisión de Seguimento, como organismo elixido libremente polo persoal que a conforma, tendo voz así na Comisión de Seguimento os actores esenciais da prestación do servizo, o persoal dos GES, para garantir un seguimento obxectivo e rigoroso do cumprimento das cláusulas estipuladas no convenio de colaboración.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao



Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:52:06

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:52:15

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:52:23

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:52:26

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) creáronse no ano 2013 por un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, as deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para cubrir a rede de emerxencias de Galicia, pois había zonas de sombra, onde os parques de bombeiros non chegaban a dar cobertura.

Co convenio orixinal (asinado en 2012 e vencido a 31 de decembro de 2015), prorrogado nunha primeira ocasión ata o 31 de decembro de 2018, prantéxase agora a posibilidade de prorrogalo outros tres anos, ata o 31 de decembro de 2021.

No convenio recóllense as funcións encomendadas a estes Grupos de Emerxencias Supramunicipais, entre as que se atopan: intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación, definir redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais, investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal, prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas

en terreos forestais de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas, realizar actuacións de prevención de pragas (vespa velutina...) como control e retirada de niños, intervir en situacións de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas mediante a limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidentes, intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos..., colaborar en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, etc.

Estas funcións en numerosas ocasións vense distorsionadas ao serlles encomendadas outras tarefas polas alcaldías dos concellos onde se atopan, que o que fan é restarlle tempo para atender ás emerxencias, demorando a resposta ás mesmas, pois as funcións dos GES son de emerxencias, non de vías e obras, recollida de lixo, alumeado, albanelería, desbroce ou calquera outra encomendada dende a alcaldía ao marxe das establecidas no convenio.

A incapacidade das Administracións implicadas, nomeadamente da Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de dotar un servizo con tódalas garantías para que se preste de forma eficaz e consonte ás funcións que teñen encomendadas é a causa de que actualmente non estea a funcionar como tal a rede de emerxencias e non haxa definido rigorosamente un mapa de emerxencias de Galicia, pois consénteselles aos concellos empregar ao persoal adscrito a este colectivo para realizar labores que nada teñen que ver coas súas funcións.

As presións dalgúns consistorios neste senso, para que o persoal dos GES asuma desbroces e “peonadas” que non lle son propias, implican un retraso nos tempos de intervención ante emerxencias, por riba dos vinte minutos recomendados, unha práctica que resulta inaceptable e distorsiona as funcións dos GES.



Ademais, a operatividade comarcal queda moi condicionada polo feito de realizar a contratación laboral e pagar o 20% do custe salarial e do propio operativo o concello sede no que se ubica o GES.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Modificar a Lei de Emerxencias de Galicia, definindo de xeito claro e preciso as funcións encomendadas aos Grupos de Emerxencias Supramunicipais.
2. Afastar o servizo dos GES da dependencia inmediata das alcaldías, encomendándoos ás Deputacións ou Consorcios Provinciais.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:36:14

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:36:26

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:36:32

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:36:44

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A acción dos poderes públicos en materia de protección civil orientase ao estudo e prevención das situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e á protección e socorro de persoas e bens nos casos en que ditas situacións se produzan.

A protección civil é un servizo público en cuxa organización, funcionamento e execución participan tanto as diferentes administracións públicas como a cidadanía.

A protección civil atopa actualmente o seu fundamento xurídico dentro da Constitución, na obriga dos poderes públicos de garantir o dereito á vida e á integridade física, como primeiro e máis importante de todos os dereitos fundamentais (art. 15), no principio da solidariedade territorial e nas esixencias esenciais de eficacia e coordinación administrativa (art. 103).

Sobre esta base aprobouse a Lei 17/2015, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, e unha serie de normas para complementar o marco normativo como o Real Decreto 407/1992, de 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil ou o Real Decreto 1378/1985, de 1 de agosto, sobre medidas provisionais para a actuación en situacións de emerxencia nos casos de grave



risco, catástrofe ou calamidade pública. En Galicia cóntase coa Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Dende a publicación desa normativa ata hoxe, tanto os servizos de emerxencias como a cidadanía en xeral, continúan sen contar cun Mapa de Emerxencias operativo, problemática que atinxe a diversos colectivos á hora de realizar adecuadamente as labores encomendadas.

Xa no ano 2013 a Xunta falaba dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) como unha creación froito da implicación e o consenso entre Xunta, Deputacións Provinciais e FEGAMP (concellos), promovendo a ampliación e racionalización do seu ámbito de intervención cara un deseño supramunicipal, eliminando barreiras administrativas e superando duplicidades, para favorecer unha distribución máis racional dos recursos no territorio.

Xa daquela, a propia Xunta manifestaba, en diversos documentos, que os GES debían ter unha estrutura profesionalizada e permanente, e un financiamento estable no tempo.

Os GES estarían coordinados tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e coa Central de Atención ás Emerxencias 112. A coordinación ordinaria realizaríase co concello no que se ubicara a base do Grupo, tendo sempre presente o seu carácter supramunicipal.

Establecíase daquela, e mantense, que os GES deben ter unha operatividade as 24 horas do día, os 365 días do ano, contando co persoal e recursos estipulado co convenio.

En canto aos criterios de distribución, xa daquela se prevían segundo lugares onde non existisen servizos de emerxencia dese tipo, poboación atendida, zonas con riscos potenciais (temporais, inundacións, empresas do sector químico, vías de comunicación, montañas, etc), existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias.

Na actualidade, o Mapa de Emerxencias de Galicia estaría integrado polos parques de bombeiros locais (grandes cidades), parques de bombeiros comarcais



e servizos municipais de bombeiros, Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (SPDCIF), etc... complementándose o Mapa con Protección Civil, Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica, Servizos Sanitarios, 112, etc.

Na actualidade este Mapa de Emerxencias de Galicia amósase deficiente e ineficaz para mobilizar recursos, polo que na práctica, este Mapa non existe como tal.

Dende os servizos de emerxencias teñen denunciado en reiteradas ocasións deficiencias na organización e xestión diaria das emerxencias, sostendo que a xestión adoita verse entorpecida por decisións erradas da Xunta. Remarcan tamén que, o feito de que non se conte cun mapa actualizado de equipos de intervención, a “arbitrariedade” na cobertura xeográfica, o “desequilibrio territorial” na protección da cidadanía ou a falta de criterios técnicos, en lugar de puramente partidistas, son aspectos que non fan senón empeorar a calidade dos servizos de emerxencias.

A temeridade da Xunta neste ámbito vese reforzada por primar os intereses económicos e de empresas amigas sobre o interese público de salvagarda da poboación, que se traduce en privatizacións sistemáticas dos medios de emerxencias.

En xullo de 2017 Alfonso Rueda asegurara que “a Xunta non se nega a facer a revisión do Mapa de Emerxencias pero, tendo en conta que os recursos son os que son, outra cousa é a distribución que fagamos deles”. Nese mesmo ano, dende o Partido Popular dicían “confiar” en que Galicia contase en 2018 cun novo modelo de emerxencias profesional e estable. Por “exceso de confianza” ou falta de motivación política, non se deu tal situación, e actualmente so se seguen escoitando promesas. Agora, Luís Menor vén de manifestar que o proxecto de orzamentos da Xunta para 2019 inclúe as partidas precisas por parte da Xunta para poder fechar o novo Mapa de Emerxencias.



Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Crear e manter un catálogo de equipos, dispositivos e recursos de emerxencias actualizado.
2. Establecer un protocolo para a coordinación e integración funcional dos diferentes dispositivos intervinientes no ámbito das emerxencias.
3. Establecer sen máis dilacións un modelo de emerxencias (profesional e estable), que sexa quen de aportar cobertura ao cen por cen do territorio galego, nun tempo de resposta razoable.
4. Rescatar o carácter público dos medios de emerxencias, para así exercer a xestión directa e conseguir a precisa integración funcional dos mesmos, favorecendo a implementación efectiva do Mapa de Emerxencias de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 16:46:31

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 16:46:41

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 16:46:53

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 16:46:58



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia estrutura de forma coordinada o labor das distintas administracións públicas con competencias nestas materias e fixa o ámbito de colaboración da sociedade civil.

Esta Lei define a protección civil como “un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá”. A Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei de protección civil e as sentenzas 123/1984, do 18 de decembro e 133/1990, do 19 de xullo, coinciden no citado carácter de servizo público esencial.

Esta Lei regula o sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia, dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten situacións de risco, a actuar no caso de risco ordinario e a protexer a integridade das persoas e os bens de titularidade pública ou privada e máis o ambiente de danos en situacións de emerxencia ou grave risco provocados por catástrofes, calamidades, accidentes e outras situacións ou continxencias análogas.

Un dos obxectivos fundamentais desta Lei é establecer con precisión a distribución das responsabilidades públicas en materia de protección civil e xestión de emerxencias sen modificar substancialmente a repartición de



competencias e atribucións entre as distintas administracións públicas e os órganos administrativos que existía ate o momento, mais clarificándoa.

Segundo establece a Lei, o papel da Xunta céntrase en tres funcións fundamentais: a superior coordinación e dirección da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta dos que dispoñen as entidades locais. Aos órganos de goberno dos entes provinciais (deputacións) correspóndelles garantir o cumprimento polos concellos das súas obrigas neste ámbito. Por último, aos municipios e ás entidades locais supramunicipais, de ser o caso, correspóndelles a prestación dos servizos de protección civil e a actuación inicial ante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do artigo 331.1 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

Os municipios, segundo a citada Lei e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Por tanto, correspóndelle ao Consello da Xunta, como órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias, entre outras competencias, establecer as liñas de cooperación en materia de protección civil coa Administración xeral do Estado e coas demais administracións públicas de Galicia, exercer a potestade de substitución das entidades locais nos casos e nos termos previstos na Lei (artigo 28) e exercer a potestade sancionadora nos termos establecidos.

Ás deputacións correspóndelle, entre outras competencias, facilitarlle a asistencia técnica e financeira aos concellos da provincia para a elaboración e a execución



dos plans de emerxencia, poñer a disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes cando lles sexan requiridos, garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non conten con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

A Xunta poderá proceder á substitución das entidades locais (artigo 28 Lei Emerxencias) cando estas, de xeito reiterado, incumpran calquera das obrigas que a Lei de Emerxencias lles impón, como aprobar e activar os correspondentes plans de protección civil, poñer a disposición da autoridade que exerza as funcións de dirección e coordinación de cada emerxencia os medios e os recursos dispoñibles da súa titularidade que figuren nos plans correspondentes ou lle fosen requiridos, etc.

No marco das súas competencias no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, a Xunta poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa.

Para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta, as deputacións provinciais e a FEGAMP acordan a través dun convenio de colaboración, a creación, no ano 2013, dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES), que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, co ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan cortapisas á hora de intervenir en zonas perimetrais ás sedes de localización de ditos grupos.

Os GES cobren zonas rurais e concellos de menos de 20.000 habitantes. Na actualidade, as 300 persoas que conforman os GES prestan servizo a 174



concellos, dos 313 concellos existentes. Estes Grupos foron creados para as emerxencias e cunha concepción como servizo municipal: ao servizo das alcaldías, como demostran as competencias definidas no convenio da súa creación, os procesos selectivos establecidos, un financiamento incomprensible e unha distribución territorial cuestionable nalgúns casos.

Xa no convenio de creación dos GES se establecía, e mantense actualmente, unha “Comisión de Seguimento”, entre cuxas funcións se atopan velar polo cumprimento do convenio, propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes, resolver problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na aplicación do convenio, etc.

Esta Comisión de Seguimento está constituída, ademais de por representantes da Xunta, FEGAMP e Deputacións, por representantes de administracións (alcaldías) que na maioría dos casos son alcaldes de concellos sede de GES, o que fai cuestionable que o control e fiscalización do servizo que realicen sexa obxectivo e rigoroso.

Dende En Marea, xa en numerosas ocasións se cuestionou e denunciou a distorsión de funcións que dende certas alcaldías se facían con estes Grupos ao encomendarlles tarefas que o que fan é restarlle tempo para atender ás emerxencias, demorando a resposta ás mesmas, pois as funcións dos GES son de emerxencias, non de vías e obras, recollida de lixo, alumeado, albanelería, desbroce ou calquera outra encomendada dende a alcaldía ao marxe das establecidas no convenio. Tamén denunciámos as carencias de materiais, recursos e infraestruturas para o correcto e eficiente exercicio das súas funcións, así como a xestión do persoal integrante dos GES ou que na actualidade non estea a funcionar como tal a rede de emerxencias e non haxa definido rigorosamente un mapa de emerxencias de Galicia, pois consénteselles aos concellos empregar dito servizo supramunicipal ao seu antollo.



Non é suficiente con que a Lei de Emerxencias recolla que as deputacións provinciais deben garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias naqueles municipios que non contan con servizos propios, pois como se explicou, a distorsión das funcións dos GES debida á falta de definición clara das mesmas e a dependencia inmediata das alcaldías destes servizos que non son competencia dos concellos xeran situacións irregulares ás que non se lle pon solución.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Modificar a Lei de Emerxencias de Galicia, afastando o servizo dos GES da dependencia inmediata das alcaldías, encomendándoos ás Deputacións ou Consorcios Provinciais.
2. Modificar a Lei de Emerxencias de Galicia, incluíndo a potestade de substitución (artigo 28) cando os concellos non cumpran coas competencias asignadas en materia de emerxencias para tutelar ou suplir ditas competencias por un ente superior (Deputación, Consorcio Provincial ou a propia Xunta).
3. Establecer mecanismos claros e protocolizados para cumprir a súa función inspectora e sancionadora neste ámbito, como garante da prestación dun servizo público de calidade.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga



Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:02:22

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:02:30

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:02:37

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:02:41

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GES son grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, que prestan servizo en 174 concellos (dos 313 existentes), cubrindo as zonas de sombra ás que os parques de bombeiros non chegan a dar cobertura.

No convenio onde se regula a súa creación xa se especifica que deben contar cuns medios materiais definidos. En concreto, co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas a desenvolver, cada GES contará cun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc. Terán tamén batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPI), necesarios para realizar as súas funcións. En canto á roupa, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo.

No relativo ás instalacións, no convenio establécese que o concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A pesares do estipulado no convenio, no tocante aos medios materiais dos GES, a realidade é que existe unha xeralizada carencia de medios: Os EPI empregados non son os axeitados para a tarefa, hai GES que non contan con medios para



realizar excarceracións ou atencións sanitarias, etc. Outros medios están infrautilizados por non haber persoal que os atenda ou dáselle fins distintos aos iniciais, o que supón unha inaceptable malversación de fondos públicos: Así, empréganse vehículos dotacionais, motobombas ou carrocetas, adquiridos con fondos europeos para atención de emerxencias, para outras tarefas que nada teñen que ver.

Danse casos de camións adquiridos a través de subvencións con fondos europeos que non se están empregando, algúns incluso que non están matriculados, por non ter condutores, a pesares de estar esa condición estipulada nas cláusulas de cesión do vehículo, onde se establecía que o beneficiario se comprometía a mantelos operativos 365 días / 24 horas, mediante a contratación dun chofer. Tamén ocorre que camións que tiñan un equipamento específico para atender ás emerxencias, o que incrementaba o seu custe, chegando algúns a rondar os 200.000€, foron modificados e quitóuselles todo ese equipamento específico para facer simples camionetas de transporte de mercadorías ou camións de vías e obras, malversando con estas actuacións fondos públicos e infrautilizando recursos necesarios para moitos GES.

As instalacións nas que traballan estes grupos, en moitos casos non compren coas condicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, esixidas polo Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Dotar ao persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) do material adecuado e suficiente para a realización das súas funcións en



condicións de seguridade, tanto para o persoal como para a cidadanía en xeral.

2. Establecer un procedemento claro de control e fiscalización dos recursos adquiridos con fondos públicos, ben sexan europeos, autonómicos ou locais, para supervisar que sexan empregados de xeito axeitado e eficiente, evitando situacións de mal uso de fondos públicos como as citadas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:16:49

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:17:00

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:17:07

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:17:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39906
Data envío: 07/11/2018 18:58:56.588

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia arzuá de Dombodán, á beira do encoro de Portodemouros acondicionouse na década dos 90 con fondos europeos do plan Leader un complexo deportivo que chegou a ser un importante foco de atracción turística e deportiva, pois foi un centro náutico de referencia chegando a albergar competicións deportivas oficiais.

O PP desde a Xunta de Galiza no ano 2010 interveu a xestión do complexo dando de baixa do rexistro de empresas e actividades turísticas á empresa que xestionaba o complexo por incumprimento das súas obrigas, mais non ofreceu ningunha alternativa para frear o desmantelamento progresivo das instalacións.

Oito anos despois os edificios e demais instalacións presentan un estado lamentable de abandono, pillaxe e destrución, ademais da ausencia do servizo que prestaba en primeiro lugar á comarca e que transcendía a esta para o resto do País galego e mesmo ó estado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39906
Data envío: 07/11/2018 18:58:56.588

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta a tomar a iniciativa e chegar a acordos coa empresa propietaria dos terreos para poñer en marcha a rehabilitación das instalacións e da zona, para poñela de novo en funcionamento e poida así volver ter os usos para os que foi creada, algo que sen dúbida revertería moi positivamente na oferta turística e na economía de Arzúa.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 18:46:44



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39906
Data envío: 07/11/2018 18:58:56.588

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 18:46:49

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 18:46:50

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 18:46:51

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 18:46:52

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 18:46:54

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno da Xunta de Galicia, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como os do pasado mes de outubro e ata á vaga de lumes de 2017. En Salvaterra de Miño, en decembro do ano pasado, como consecuencia dos lumes e logo das chuvias abundantes, produciuse un derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, quedando numerosas veciñas e veciños afectados pola rotura da pista municipal de acceso polos arrastres de terras.

Ningunha administración se preocupou por eles ata que o Grupo Municipal Socialista solicitaba, nunha petición de convocatoria de Pleno extraordinario rexistrada o día 2 de agosto, a reparación urxente da pista. Curiosamente, só cinco días despois o alcalde de Salvaterra de Miño facía referencia a un informe municipal (de data xuño) que recolle a necesidade inmediata e urxente da realización das obras e solicitaba á Consellería de Medio Rural a reconstrución da pista e a inclusión das obras no Plan de infraestruturas rurais 2018. Acto seguido, outros cinco días despois firmaba coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da consellería un convenio de colaboración a tal fin, por un importe de 48.387,36 euros, colocación de cartel de obras incluído.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reparar, de forma urxente e sempre antes de que remate o ano 2018, a pista afectada polo derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, no concello de Salvaterra de Miño, executando na súa totalidade o convenio entre a Alcaldía de Salvaterra de Miño e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 10:33:29

Raúl Fernández Fernández na data 08/11/2018 10:33:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 10:37
Nº Rexistro: 39919
Data envío: 08/11/2018 10:37:13.040

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 10:33:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 10:33:50

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 10:33:55

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 10:34:00



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39931
Data envío: 08/11/2018 12:11:44.209

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do mes de outubro a Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- anunciaba o peche do MAC (Museo de Arte Contemporánea) na cidade da Coruña . Esta nova caeu como un xarro de auga fría na cidade e supón unha perda en termos culturais para o noso país.

O MAC foi inaugurado en 1995, reformado e ampliado en 2004 e converteuse nun referente cultural, cunha importante actividade, que vai desde cursos e talleres, bolsas artísticas, exposicións, concertos e proxección de películas e documentais. Ademais este museo conta cunha importante colección de arte que abarca os principais ámbitos estéticos de Galiza e do resto do estado, moi centrada nas correntes artísticas do século XX.

A decisión da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- supón un paso máis nun proceso de espolio, no que as eléctricas obteñen grandes beneficios a costa da explotación de recursos naturais na Galiza, sen que isto teña retornos en termos sociais.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39931
Data envío: 08/11/2018 12:11:44.209

Desde o BNG amosamos o noso profundo desacordo con esta decisión, e pensamos que é necesario poñer en marcha unha ofensiva institucional e social que evite a desaparición dun espazo cultural na cidade da Coruña.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución manifestar a súa oposición ao peche do MAC (Museo de Arte Contemporánea) da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- e insta á Xunta de Galiza a tomar todas as medidas necesarias para garantir o mantemento da actividade cultural e que exista un retorno dos beneficios que Naturgy obtén pola explotación de recursos naturais na Galiza.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39931
Data envío: 08/11/2018 12:11:44.209

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 12:08:36

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 12:08:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 12:08:43

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 12:08:45

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 12:08:46

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 12:08:47

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a presenza da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galicia aprobou en marzo de 2016 por unanimidade instar a Xunta de Galicia a participar no Consello de Administración de Navantia para poder tomar parte das decisións e ter información puntual e completa que afectan as factorías de Fene e Ferrol. Trataríase así de cumprir a Lei do Sector Naval de Galicia. Dous anos e medio despois todo isto nunca se chegou a materializar.

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno do Estado, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos. Tamén dous e medio despois, o Plan segue sen ser unha realidade e a Xunta de Galicia non ten a información completa sobre este retraso nin pode intervir de maneira executiva por non estar no mencionado Consello de Administración.

O informe do CES de marzo de 2017 sobre Ferrol e a súa área de influencia tamén incidía neste asunto e sinalaba:

“Neste senso, entre as actuacións que debería contemplar están, entre outras, a



creación dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, como unidade territorial autónoma; a posta en marcha do Centro tecnolóxico; medidas de rexuvenecemento do plantel do sector naval; reforzar as actuacións en materia de política comercial para a consecución de máis contratos para Navantia e para as súas distintas áreas de negocio (factoría naval, reparacións, turbinas); ou a posta en marcha do proxecto de construción dun dique dunha dimensión suficiente.

Tendo en conta que o sector naval é un dos sectores estratéxicos recollidos na Industria 4.0, sería positivo valorar a posibilidade da participación da Xunta no Consello de Administración de Navantia.”

É incompresible que os responsables do PP en Galicia non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial e a súa capacidade tractora e estratéxica sobre o desenvolvemento dos sectores industriais de Galicia. Deste xeito non se pode entender esta inhibición do Goberno galego ante a posibilidade de ser un axente activo no desenvolvemento deste estaleiro a través da súa presenza no seu Consello de Administración.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, polo que En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exixir á dirección da SEPI a súa inclusión no Consello de Administración de Navantia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.



Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 13:18:29

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 13:18:43

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ao desenvolvemento inmediato do Plan Industrial de Navantia Fene-Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial deberá definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables con tecnoloxía propia e non un mero alugador de espazo e servizos auxiliares para outra empresa como sucede agora.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas



necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012. Nos últimos meses cambiou o Goberno e a Presidencia da SEPI e non podemos permitir que esta situación se manteña por máis tempo.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia.

Por contra, cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando que non ter competencias.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol, un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de dous anos e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai dous anos e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción e indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprensible tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e



ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa levan un ritmo totalmente inasumible.

Ante todo o exposto consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, polo que En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver todas as iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia.
- 2.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo igual a o das baixas.
- 3.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.
- 4.- Acelerar na Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Ferrol estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial e a competitividade do estaleiro.
- 5.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada nesas negociacións.



6.- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 13:21:42

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 13:21:51

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

O CEIP de Coirón-Dena (Meaño-Pontevedra) ten case 300 alumnos e alumnas. É unha construción do ano 1969 mais, dende entón, as únicas obras realizadas para o seu mantemento foron algunhas na planta baixa, o cambio de cuberta (feito hai máis de 20 anos) e o cambio do tellado debido a un temporal fai un ano.

Existiu unha intervención relevante na perímetro do centro, que consistiu na ampliación de un aparcadoiro para os profesores, traballadores, pais e nais na entrada do mesmo. Para poder ampliálo, realizouse unha desafección de varias casas utilizadas fai anos polos mestres, derribando un número considerable delas.

Como se comentou anteriormente, o alumnado do colexio CEIP Coirón-Dena alcanza case 300 nenos e nenas, non tendo ningunha instalación adecuada para poder reunir a todos nun mesmo salón de actos, de feito, a pequena sala que usan a modo de salón de actos, ten un aforo aproximado de 80 persoas, aglutinando ao alumnado para que poidan asistir aos actos que programe a Dirección do centro.

E é por este motivo, que a ANPA “Sementeira” leva anos solicitando unhas instalacións adecuadas ao número de alumnos e alumnas que estudian no CEIP Coirón-Dena, propoñendo a desafección das casas dos mestres que aínda quedan (totalmente abandonadas) para ampliar o centro, incluso coa posibilidade de construír un edificio de usos múltiples no que o alumnado poida realizar as actividades e actos que non pode no salón de actos actual.

Ademais, esta ampliación ou novo edificio de usos múltiples podería solucionar o problema que ten o colexio co comedor escolar, xa que os nenos e nenas usuarios de este servizo teñen que comer nun barracón de obra, que dista moito de ser un o lugar máis adecuado elo. Así o ten manifestado a ANPA “Sementeira” en varias ocasións, tanto ao xefe territorial de Educación en Pontevedra (por exemplo, mediante escrito de data 22 de marzo de 2013) como á propia consellería de

maneira directa e á alcaldesa de Meaño Lourdes Ucha. Non obtiveron ningunha resposta ao respecto en ningunha das instancias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar as accións necesarias en coordinación co Concello de Meaño para desafectar as antigas casas dos mestres e utilizar os terreos para ampliar o CEIP Coirón-Dena, dando resposta ás necesidades deste centro en termos de espazo para a actividades e para un novo comedor para os alumnos e alumnas do centro.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 16:35:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 16:35:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 16:35:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 16:35:17

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Son varias as enfermidades relacionadas co xene KCNQ2: desde a epilepsia neonata familiar benigna á máis grave que é a encefalopatía epiléptica relacionada co xene. Os síntomas tamén varían, retraso no desenvolvemento, pouco ton muscular no centro do corpo, movementos involuntarios nos brazos e nas pernas, incapacidade para falar, dificultades para sentarse de forma independente, pouco contacto visual ...

Unha nena de Laxe que sofre esta alteración na súa forma máis grave, vai en 4º curso de Ensinanza Primaria. Vive coa súa nai e o seu irmán menor de idade. Ata o curso pasado utilizaba un servizo de transporte adaptado, pero o 5 de setembro, a piques de comezar o curso escolar, a súa familia foi informada da supresión do servizo de transporte adaptado para ela. O motivo era que na licitación do servizo, segundo a normativa vixente en materia de contratación, queda baleiro o lote correspondente por falta de interese por parte das empresas de transporte en realizar o servizo para trasladala. Dende a o Servizo de Recursos Educativos Complementarios, ofreceuse un importe de licitación de 51 € por día, seguindo indicacións da Consellería de Educación. O problema é que en Laxe tampouco existe posibilidade de taxi adaptado no concello. Así que a única opción que lle queda é que a súa familia se faga cargo do transporte.

Isto supón un grave problema para a nai, que lle dificulta enormemente a conciliación familiar e laboral. Para ela é fundamental que se restableza o servizo de transporte de xeito urxente e inmediato tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a restablecer o servizo de transporte de xeito urxente e inmediato á nena de Laxe tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2018 13:29:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 13:29:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 13:29:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 13:29:54

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da empresa Isowat Made.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isowat Made pertencente ao grupo Invertaresa encóntrase en concurso de acredores e a piques de ser liquidada salvo que se atope un inversor ou comprador nun curto prazo de tempo.

Isowat ten as súas instalacións no polígono da Grela na Coruña e da emprego nestes momentos a uns 91 traballadores. Pola súa parte Made ten as súas instalacións en Valladolid.

Isowat, antiga Isolux, ten unha traxectoria industrial e tecnolóxica do máximo nivel e sempre foi líder en Galicia, en España e mesmo a nivel internacional no deseño, fabricación e mantemento de cadros de control eléctrico para a industria en xeral con especial incidencia na industria naval, centros de transformación e control de media tensión e infraestruturas eléctricas de todo tipo. Mantén intacta a súa capacidade operativa e está a ofertar numerosas contratacións en procesos de transformación e de nova implantación que se están a desenvolver en Endesa, Repsol, Parques eólicos, etc.

Por todo elo a plantilla está absolutamente perplexa ante unha situación, que á vista do comentado anteriormente, non ten ningunha xustificación e que achacan



a unha nefasta e case suicida xestión do actual propietario. Débeselles parte da paga extra de xuño ademais das nóminas de febreiro, marzo e abril. É evidente que non se pode permitir que unha empresa galega deste nivel e que debería de ter un futuro prometedor ante as expectativas de traballo no seu sector desapareza. Por elo a Xunta de Galicia ten que intervir de maneira moi decidida, moito máis do que está a facer ata o de agora. Isowat é estratéxica e imprescindible para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, transformación que a Xunta cualifica como absolutamente prioritaria.

Ante a situación mencionada e en aras de buscar solucións que garantan todos os empregos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Implicarse no proceso con actuacións concretas para impedir a liquidación de Isowat.
- 2.- Instar ao Ministerio de Industria e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.
- 3.- Solicitar ao administrador concursal a segregación da actual Isowat Made en dúas compañías diferenciadas, Isowat e Made, para buscar solucións independentes para cada unha delas.
- 4.- Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un inversor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía. Contemplando as posibles



garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispoñe o IGAPE.

5.- Trasladar aos clientes da compañía, cos que a Xunta mantén unha forte relación, a confianza e tranquilidade ante o futuro da mesma.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G. P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 17:09:43

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:09:50



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39996
Data envío: 08/11/2018 18:27:51.480

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa a situación laboral no Hospital do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal de enfermería do Hospital do Salnés ven de denunciar unha situación de sobrecarga asistencial brutal nas dúas plantas de hospitalización que permanecen abertas, primeira e segunda, toda vez que a terceira plante permanece pechada.

Denuncian que na vez de ter operativa a terceira planta, estase procedendo a distribuír @s doentes polas outras dúas plantas, ou mantel@s en urxencias.

Encóntranse deste xeito plantas con pluripatoloxías, con ingresos, cirurxías, pediatría, xinecoloxía... Unha carga de traballo brutal sen reforzos, que ten unha repercusión negativa na calidade asistencial que se presta. Unha mostra e consecuencia desta sobrecarga é que o centro hospitalario perdeu a acreditación concedida por Unicef de “Hospital amigo dos nen@s”.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39996
Data envío: 08/11/2018 18:27:51.480

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Que proceda a dimensionar o cadro de persoal do hospital do Salnés, de acordo coas ratios profesionais-doentes precisas, como mínimo da media dos hospitais do Sergas, para poder ofrecer unha atención sanitaria cos estándares de calidade esixíbeis a un servizo público esencial como é a sanidade pública.

-Que proceda á apertura da totalidade da terceira planta do hospital do Salnés, durante todo o ano, coa dotación de xeito estábel e permanente do persoal preciso para o funcionamento da mesma.

-Que proceda á contratación do persoal que sexa preciso para cubrir as ausencias de persoal, e que remate coa mobilidade permanente do persoal, tanto de servizos como de especialidades, para cubrir esas ausencias.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39996
Data envío: 08/11/2018 18:27:51.480

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:18:37

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:18:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:18:43

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:18:44

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:18:47

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:18:49



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39999
Data envío: 08/11/2018 18:28:22.548

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39999
Data envío: 08/11/2018 18:28:22.548

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39999
Data envío: 08/11/2018 18:28:22.548

Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.

Que garantice os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39999
Data envío: 08/11/2018 18:28:22.548

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:26:03

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:26:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:26:08

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:26:10

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:26:11

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:26:12

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Rosa Oubiña Solla, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jacobo Moreira Ferro e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

Os seguros agrarios son unha eficaz ferramenta de protección dos agricultores e gandeiros de todo o Estado contra as adversidades meteorolóxicas, e outros fenómenos alleos ao seu control, que poidan causar perdas nas súas explotacións.

A Consellería do Medio Rural subvenciona a través dos orzamentos da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, a contratación de seguros agrarios, axuda que, engadida á que proporciona o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación mediante a Entidade Estatal de Seguros Agrarios(ENESA), supón un nivel de financiamento que, nalgúns casos, acada o 80% do custe neto das pólizas.

Deste xeito a aposta do goberno galego volveu a quedar de manifesto no proxecto de orzamentos para o 2019, no que destina 5 millóns de euros, incrementando a cantidade nun 8% respecto ao exercicio anterior, precisamente co obxectivo de acadar un maior número de beneficiarios en todos os eidos do noso agro.

De feito, nos últimos anos a contratación de seguros agrarios está a rexistrar un incremento importante en Galicia, favorecida polas campañas de fomento e divulgación que leva a cabo a Consellería do Medio Rural en colaboración coa Agrupación Española de Entidades Aseguradoras dos Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), pero consideramos que aínda se pode e se debe estender moito máis.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2018 16:30
Nº Rexistro: 40055
Data envío: 09/11/2018 14:25:58.421

Posto que, a finalidade da contratación de seguros agrarios é conseguir que un maior número de agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento para facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións, como consecuencia das múltiples adversidades externas alleas o traballo e o bo facer dos produtores galegos.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a consolidar e desenvolver cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación dos seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión en todos os sectores produtivos galegos”.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/11/2018 14:17:14

Moisés Blanco Paradelo na data 09/11/2018 14:17:25

Rosa Oubiña Solla na data 09/11/2018 14:17:32

Jesús Miguel Prado Patiño na data 09/11/2018 14:17:41

Raquel Arias Rodríguez na data 09/11/2018 14:18:01

Carlos Gómez Salgado na data 09/11/2018 14:18:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Jacobo Moreira Ferro na data 09/11/2018 14:18:18

Daniel Vega Pérez na data 09/11/2018 14:18:24

Á Mesa do Parlamento

María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O sistema de Protección Civil comezou a funcionar polos anos 90 e a partir de aí foise creando unha ampla rede de agrupacións de voluntarios que foi mellorando ao longo dos anos grazas á dotación material e á formación.

Hoxe, Galicia rexistra o seu máximo histórico de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil con 233 entidades activas. Hai 4.600 persoas atendendo este servizo repartidas por as catro provincias gallegas.

A Lei de Emerxencias de Galicia manifesta que o sistema integrado de protección civil e emerxencias estará formado tanto por persoal de carácter profesional como voluntariado, definindo voluntario como aquel que libre e desinteresadamente se incorpora a entidades ou organizacións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, que teñen como fin a protección das persoas, dos bens e do ambiente en situacións definidas nesta Lei como situacións de xestión de riscos e emerxencias.

Estes voluntarios e voluntarias de Protección Civil desenvolven a diario unha labor fundamental para a cidadanía galega en cada Concello, labor que podemos comprobar día a día.

Por eso é necesario reforzar os seus medios e recursos. Xa na anterior lexislatura estas agrupacións foron especialmente atendidas pola Xunta de Galicia pero para esta actual o apoio segue e puxéronse en marcha distintas liñas de colaboración dende formación, axudas económicas e equipos e incluso unha campaña de motivación de voluntariado, en liña cun compromiso recollido no noso programa electoral: “Consolidaremos e aumentaremos o nivel de intervencións, actividades e dispositivos das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC's), fortalecendo as estruturas de recursos humanos e materiais das propias Agrupacións, especialmente daquelas que veñen despregando máis actividade operativa, dotándoas de medios suficientes que permitan desenvolver máis facilmente as súas tarefas”.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes Pregunta oral en Comisión:

-Que avalición fai a Xunta de Galicia dos resultados en materia de consolidación e aumento do nivel de intervencións e actividades das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil a través do fortalecemento das estruturas de recursos humanos e materiais das propias Agrupacións?.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodríguez Barreira na data 31/10/2018 19:13:30

César Manuel Fernández Gil na data 31/10/2018 19:13:41

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2018 19:13:47

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2018 19:13:59

Antonio Mouriño Villar na data 31/10/2018 19:14:11

Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2018 19:14:20

Paula Prado Del Río na data 31/10/2018 19:14:30

Diego Calvo Pouso na data 31/10/2018 19:14:40

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Soraya Salorio Porral e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o 29 de xullo de 2004, aprobou definitivamente o plan denominado Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada e Bergondo como plan sectorial de incidencia supramunicipal.

Este feito supuxo un fito histórico para a mobilidade da área da Coruña, que guiou o desenvolvemento da rede de estradas, con fitos neste tempo como a Terceira Rolda, o acceso ao porto exterior de Langosteira ou a Vía Ártabra, e proxectos en desenvolvemento como o Vial 18.

Non obstante, o paso dos anos e o desenvolvemento territorial aconsellan unha revisión e actualización deste Plan Sectorial.

Neste sentido, o pasado 22 de xuño a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mantivo unha reunión con concellos da área da Coruña, na que acordaron impulsar a renovación do Plan sectorial viario da comarca.

Sendo un asunto de importancia para a mobilidade, a seguridade viaria e a competitividade de toda esta zona, os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Licitar o antes posible a revisión do Plan Sectorial da rede viaria da área da Coruña.

2. No marco desa revisión, analizar o impacto das peaxes na área da Coruña, propoñendo medidas sobre eles para optimizar o funcionamento da rede de vías de alta capacidade.

3. Abordar a conectividade das áreas residenciais e industriais entre si e coa cidade da Coruña de cara a mellorar a favorecer a mobilidade dos usuarios e incrementar a competitividade económica, con especial atención ao transporte público”.

Santiago de Compostela, 2 de Novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/11/2018 13:16:19

Martín Fernández Prado na data 02/11/2018 13:16:38

Jaime Castiñeira Broz na data 02/11/2018 13:16:52

Diego Calvo Pouso na data 02/11/2018 13:17:01

Jacobo Moreira Ferro na data 02/11/2018 13:17:11

Marta Novoa Iglesias na data 02/11/2018 13:17:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 02/11/2018 13:17:55

Gonzalo Trenor López na data 02/11/2018 13:18:06

María Soraya Salorio Porral na data 02/11/2018 13:18:36

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 02/11/2018 13:18:56



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 39621
Data envío: 05/11/2018 12:18:56.874

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2018 ten sido un ano importante para o feminismo, que foi quen de mobilizar cun éxito histórico unha folga nos ámbitos laborais, de consumo e de coidados o pasado 8 de marzo. Sen dúbida algunha, unha data chamada a marcar un antes e un despois na nosa historia, xa que a sociedade esixiu que todos e todas pisemos o acelerador.

A vixencia da desigualdade, que ten a súa evidencia máis salvaxe nas violencias machistas contra as mulleres, debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin e situar o seu combate como un mandato de primeira orde os 365 días do ano. Só no que vai de 2018 foron asasinadas no noso país tres mulleres, unha situación insostíbel para calquera sociedade que se considere democrática, pois estamos a falar do máis elemental dos dereitos humanos, o dereito á vida, furtado pola violencia máis extrema do patriarcado.

Neste contexto debemos examinar aqueles ámbitos máis débiles que requiren da nosa actuación inmediata. Durante este 2018 evidenciáronse as moitas carencias que ten aínda unha xustiza tremendamente patriarcal. Casos como o da Manada desataron a nosa rabia e a contestación social, non só con importantes manifestacións no noso país, tamén coa repulsa de concellos e institucións de diversas cores políticas. Porén, a rabia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 39621
Data envío: 05/11/2018 12:18:56.874

non pode ficar nunha cuestión declarativa. Debemos pensar colectivamente nas melloras que precisa un ámbito tan elemental como o da xustiza.

Aínda sendo fundamental o papel que tiveron a lei estatal de violencia do 2004 e a galega do 2007, a ninguén se lle escapa que quedan moitas lagoas no seu cumprimento e desenvolvemento. Un dos ámbitos máis delicados é o xudicial. Se ben este marco, o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material. Nese sentido a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero facilitaría unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Vistos os casos que nos teñen escandalizado neste 2018 é obvio que cuestións tan elementais como a formación dos operadores xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas son aínda incumpridos dunha forma que non é tolerábel.

Cada ano máis 5000 mulleres acoden aos xulgados galegos a poñer denuncias, e isto é só a punta do iceberg. Estímase que só un 20% dos casos chega aos xulgados, polo que sería unha irresponsabilidade deitar exclusivamente neste ámbito as actuacións. Por iso, un dos aspectos máis importantes é avanzar na sensibilización social.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 39621
Data envío: 05/11/2018 12:18:56.874

1. Demandar do goberno central a constitución dun xulgado específico de violencia machista en cada unha das cidades galegas como paso previo á comarcalización destes, para o que se negociará un calendario de cumprimento e financiamento e se constituirá unha comisión de seguimento.

2. Levar a cabo a posta e marcha, no ámbito das súas competencias, dunha Unidade de Violencia Machista específica integrada na Dirección Xeral de Xustiza encargada de facer cumprir a lexislación en materia de violencia machista. Dita unidade contará, como mínimo, cos seguintes obxectivos a desenvolver:

a. Impulsar xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades e avanzar nunha comarcalización dos xulgados acorde coa realidade do noso país e que garanta a igualdade do dereito de atención independentemente do lugar de residencia. Promover o tratamento dos delitos sexuais neste tipo de xulgados especializados.

b. promover medidas destinadas ao tratamento integral da violencia sexual como unha forma de violencia machista, conforme recolle a lei galega, prestando atención ás súas especificidades.

c. garantir a formación en violencia de xénero de todo o persoal que intervén no proceso xudicial, incluídos equipos forenses e psicosociais;

d. evitar a violencia institucional, gravando ordinariamente as declaracións das mulleres e menores para que non teñan que repetila, unha e outra vez, ao longo de todo o proceso de denuncia;

e. garantir os espazos separados de declaración e agarda para evitar o contacto de vítimas e agresores así como dotar dos medios necesarios as oficinas de atención á vítima antes do remate de 2019;



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 39621
Data envío: 05/11/2018 12:18:56.874

f.incluír nas avaliacións de risco a avaliación do agresor para mellorar a eficacia á hora de adoptar as medidas de protección tanto das mulleres como das e dos menores.

g. dotar os servizos de garda dos xulgados de persoal especializado para atender as denuncias de violencia machista.

3. Remitir nos dous primeiros meses de 2019 unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018, con especial atención ao eido xudicial e ao cumprimento dos compromisos económicos.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 12:18
Nº Rexistro: 39621
Data envío: 05/11/2018 12:18:56.874

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 11:28:50

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 11:28:56

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 11:28:57

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/11/2018 11:28:58

Olalla Rodil Fernández na data 05/11/2018 11:29:00

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 11:29:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu portavoz Luis Villares Naveira e os seus deputados **Francisco Casal Vidal e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 6.^a, relativa á declaración de Alcoa de pechar as súas factorías en A Coruña e Avilés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Seguro que non é preciso explicar a situación pola que están atravesando as traballadoras e traballadores da planta de A Coruña e da planta irmá de Avilés, pois cóstanos que a Xunta de Galicia está informada ao detalle.

Tamén nos consta que Alcoa pouco está colaborando, por non dicir nada, na busca de solucións de consenso onde prime o mantemento das plantas e a riqueza que esas mesmas xeran para as comarcas nas que están emprazadas e para o país.

Sabemos que tanto a Administración do Estado como a de Galicia están moi decepcionadas pola conducta de Alcoa, pero podemos imaxinarnos como se senten os traballadores que durante anos loitaron por unha empresa que agora pretende deixalos tirados, sen mirar atrás. O seu sentimento non é de decepción precisamente, senón de rabia. Rabia pola presentación en si do expediente de extinción pero sobre todo pola maldade “innecesaria” empregada por Alcoa contra as miles de familias que dependen desta industria, pois neste proceso negóuselles calquera tipo de información, a posibilidade de dar a súa opinión ou aportar solucións.

As plantas son rendibles a pesares da política de abandono que Alcoa realizou desde que chegou para facerse cargo das mesmas e de estar intentando coa súa



política de Grupo danar a súa capacidade e agora vén querer xustificar que é un problema de tecnoloxía e demais. Pois non, o que está pasando non é un problema de tecnoloxía, proba delo é que en Europa Alcoa ten outra planta (Noruega, planta de Lista) coa mesma tecnoloxía (Söderberg) que as da Coruña e Avilés e é moi rendible, polo tanto, a desculpa da tecnoloxía non se pode aceptar e hai que ver cales son as diferenzas entre plantas da mesma tecnoloxía para chegar a conclusións razoables e, a partir de aí, buscar solucións.

O Comité de Empresa sabe cales son os problemas e ten propostas que plantexar para que esas diferenzas con plantas europeas, coa mesma tecnoloxía, se acorten e incluso se superen, xa que a propia Alcoa leva anos dicindo que dentro da súa tecnoloxía as plantas de A Coruña e Avilés son as mellores plantas do mundo, e é necesario que os traballadores poidan ter a oportunidade de compartir estes coñecementos coa Administración central (Ministerio de Industria) e coa Administración autonómica (Consellería de Industria).

Estamos convencidos de que se Italia foi capaz de rescatar da “chatarra” a planta de Portovesme que Alcoa cerrou no ano 2014 por un problema de regulación eléctrica incompatible coas normativas europeas, e que este ano inicia a posta en marcha con outro produtor distinto a Alcoa, aquí tamén atoparemos alternativas para a viabilidade das plantas de Avilés e Coruña.

España é un produtor moi importante da produción de aluminio e a súa transformación e os traballadores e as propias factorías teñen o coñecemento, as condicións e as instalacións para elaboralo. É o metal do futuro e se algo aprendemos dos americanos é que é un metal xoven que cada vez ten maior aplicación en máis sectores produtivos (automoción, aeroespacial, transporte, ferrocarril, naval, tecnoloxía, etc), pois a electrificación dos países é inevitable nos próximos anos e este metal é o complemento perfecto, pois pesa pouco, ten grande resistencia e recíclase no 100% cun aporte enerxético do 5% do empregado para a súa obtención primaria.



Este é un sector produtivo estratéxico de cara ao futuro e todo o aluminio primario que España produce é capaz de transformarse no noso país, pois incluso se importa ao chegar a cubrir as necesidades da industria augas abaixo.

Por todo o exposto non podemos permitir que Alcoa cerre plantas en marcha e viables no noso territorio, e menos vendo o que acaba de pasar en Italia, por elo En Marea, facendo súa a proposta do Comité de Empresa, traballará na busca de solucións de futuro e, considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Instar a Alcoa a retirar o expediente de despido colectivo.
- 2.- Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica.
- 3.- Crear unha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 18 meses, xestione un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.
4. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período plantexado no punto 3 de 18 meses, unha nova regulación enerxética (eléctrica) similar a de outros países europeos, que faga viables esta e outras industrias electrointensivas.
- 5.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a vincular a concesión de calquera axuda ás empresas ao mantemento do emprego e das instalacións.



6.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica, e que tamén se leve a cabo por parte da propia Xunta de Galicia, a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

7.- Instar á UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO2 dos produtos que entren na UE procedentes de terceiros países. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidoras de electricidade, lle fagan a competencia ás factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

8.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica á convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

9.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica para que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrumpibilidade, que terá que ser convocada de inmediato para os próximos anos, que compense un verdadeiro servizo de interrumpibilidade, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

10.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

11.- No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

12.- Para evitar por todos os medios a parada técnica das factorías, estudar a aplicación do artigo 128.2 da Constitución Española tendo en conta que Alcoa é monopolística na fabricación de aluminio en España.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Francisco Casal Vidal

Antón Sánchez García



Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 12:49:24

Francisco Casal Vidal na data 05/11/2018 12:49:31

Antón Sánchez García na data 05/11/2018 12:49:44

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia establece no seu artigo 21º e para as ensinanzas de bacharelato que:

1. Os centros deberán ofrecer todas as materias xerais e de opción do bloque de materias troncais das modalidades que se imparten no centro.
2. As materias troncais de opción contarán, con carácter xeral, cun mínimo de cinco alumnos/as para poder ser impartidas.
3. Con carácter xeral, a impartición das materias específicas quedará vinculada a que exista un número mínimo de dez alumnos/as.
4. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse cun número menor de alumnos ou alumnas que, en ningún caso, será inferior a cinco.
5. Co obxecto de ofertar unha preparación especializada ao alumnado, acorde coas súas perspectivas e intereses de formación, os centros docentes poderán elaborar itinerarios para orientar o alumnado na elección das materias de opción.
6. As variacións no número de alumnos/as necesario para ofrecer algunha materia terá sempre carácter extraordinario e precisará a autorización expresa da xefatura territorial provincial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

7. A oferta das materias do bloque de troncais de opción e de materias específicas deberá atender os criterios de demanda do alumnado, a dispoñibilidade de profesorado no centro e as posibilidades organizativas e a dispoñibilidade de recursos.

Á súa vez, o Decreto 86/2015 establece que, no caso do primeiro curso de bacharelato o alumnado cursará dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior, citando Economía, Grego I, Historia do Mundo Contemporáneo e Literatura Universal.

Para o caso do segundo curso, o mesmo Decreto citado establece que na modalidade de Ciencias o alumnado cursará dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais: Bioloxía, Debuxo Técnico II, Física, Xeoloxía e Química e na modalidade de Humanidades e ciencias sociais, dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de materias troncais, organizadas, de ser o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior: Economía da Empresa, Xeografía, Grego II e Historia da Arte.

Tanto no caso da materia de Grego I e a súa progresión Grego II como no da Xeoloxía, vemos que se consideran como materias da coñecida como parte voluntaria, conforme ao establecido na Resolución do 27 de marzo de 2018, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU) para o curso 2018/19.

Todo o exposto ata este momento sería suficiente para poñer de manifesto a incongruencia existente na normativa, que por un lado fala de establecer determinadas excepcións que pretenden garantir unha oferta suficiente no caso de centros con pouco alumnado e por outro limita esa posibilidade.

No caso do IES Lama das Quendas e do IES Val do Asma de Chantada atopámonos cunha realidade que evidencia o que este grupo parlamentario ten denunciado en moitas ocasións; a desvantaxe que teñen os alumnos que, en centros con menos alumnado, optan por materias con escasa demanda.

A este centro non lle foi autorizada a impartición das materias de Grego I, porque era demandado por tres alumnos e de Xeoloxía, porque a demandaban dous. O

verdadeiramente inverosímil do caso é que este centro conta con profesorado con destino definitivo no centro que podería impartir ambas materias e, que polo tanto, non suporía en ningún caso, incremento de docentes; e isto é así porque ese profesorado está a facer gardas nas horas que podería estar impartindo esas materias.

Ante a situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a autorizar a oferta das materias de Grego I e Xeoloxía no IES Lama das Quendas de Chantada, coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades entre o alumnado da comunidade autónoma de Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:28
Nº Rexistro: 39655
Data envío: 05/11/2018 17:28:43.630

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/11/2018 16:31:13

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/11/2018 16:31:24

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 16:31:39

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Aínda que os datos macroeconómicos avanza, a realidade é que unha boa parte de galegos e galegas non son perceptores destas melloras, sendo continúa a perda de poboación, a emigración forzosa, a precariedade laboral, o empeoramento dos servizos públicos e o seu copagamento. Polo tanto, hai que facer unha análise de como e en que condicións se está a saír da crise e en que medida o Goberno autonómico está axudando a paliar os efectos máis adversos para as persoas.

A política, nomeadamente a política fiscal, ten que servir para facer unha redistribución e equilibrar por abaixo ás persoas máis vulnerables económica e socialmente, polo que ten que contribuír máis quen máis ten, ao tempo que practicar unha auténtica loita contra a fraude fiscal, acadando os ingresos necesarios para manter uns servizos públicos universais e con calidade.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1ª) Efectuar unha avaliación do impacto das medidas fiscais existentes en Galicia.
- 2ª) Garantir que os servizos públicos en Galicia teñan o nivel necesario de financiamento que nos iguale aos países máis desenvolvidos da Unión Europea.
- 3ª) Constituír, dentro do Parlamento de Galicia, unha mesa de debate para acordar as rebaixas fiscais selectivas que debe adoptar o Goberno galego.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envío: 05/11/2018 17:59:50.470

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envío: 05/11/2018 17:59:50.470

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:41:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:59
Nº Rexistro: 39664
Data envío: 05/11/2018 17:59:50.470

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:41:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:41:26

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo, e do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A Constitución española e a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais e o Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da Comunidade Autónoma galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza, tanto no que se refire aos ingresos estatais como para as subvencións incondicionadas. En cumprimento destes principios, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 105.1 establece que: “*De conformidade coa lexislación prevista no artigo 5, dotaranse ás facendas locais dos recursos suficientes para o cumprimento dos fins das entidades locais*”; polo tanto, o cumprimento do principio de suficiencia financeira implica que as entidades locais galegas deberá dispoñer de medios suficientes para o desempeño das funcións que as leis lles atribúen e que se deben nutrir de tributos propios e da participación nos ingresos do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Administración local galega caracterízase por un importante raquitismo orzamentario, no que os cometidos superan aos recursos financeiros cos que contan para acometelos, constituíndose, non obstante, nas administracións máis importantes ante a cidadanía.

O 14 de febreiro de 2017, a Comisión Executiva da Fegamp aprobou por unanimidade dos grupos políticos un documento coas demandas en materia de financiamento local denominado “Resumo executivo da Comisión de análise para o estudo e proposta de medidas de cara á reforma da normativa que rexe as facendas locais”, pero, a pesar do disposto na normativa vixente os acordos tomados no seo da Fegamp, o financiamento das entidades locais segue a ser o tema pendente máis importante cos gobernos locais, que teñen asumido, ademais, das competencias propias unha serie de competencias impropias sen o financiamento necesario para levalas a cabo.

De igual xeito, as axudas, subvencións, convenios e outras fórmulas polas que a Comunidade Autónoma achega recursos aos concellos non dan cumprimento co obxectivo de transparencia e obxectividade contemplado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo Goberno de Galicia.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1ª) Abordar para o 2019 a aprobación dun proxecto de lei de financiamento local acordado coa Fegamp, no que se incluírá a normativa xeral, con criterios obxectivos e transparentes, así como o reparto do Fondo de Compensación Interterritorial en Galicia.

2ª) Establecer para o 2019 un acordo coa Fegamp para o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia a favor das entidades locais, garantindo a igualdade de acceso e a aplicación de criterios obxectivos.

3ª) Contemplan nos orzamentos para 2019 a recuperación do financiamento incondicionado aos concellos, cando menos aos niveis do exercicio de 2008, ao mesmo tempo dotar as contías necesarias para asumir o custe total do mantemento dos centros de educación primaria e dos centros de saúde, tal e como establece o Pacto local.

4ª) Realizar ante o Goberno do Estado as accións necesarias tendentes a acadar que as corporacións locais podan reinvestir o seu superavit anual.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:00
Nº Rexistro: 39665
Data envío: 05/11/2018 18:00:27.774

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:44:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/11/2018 17:44:59

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/11/2018 17:45:07

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:45:18

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez e Xoaquín Fernández Leiceaga, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O Consello de Ministros aprobou o 19 de xullo a proposta formulada polo Ministerio de Facenda sobre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das comunidades autónomas para o período 2019-2021, outorgando deste xeito unha maior marxe fiscal aos gobernos rexionais, establecendo un obxectivo de déficit dun - 0,3 % do PIB, e un obxectivo de endebedamento dun 23,7 % para 2019. Proposta que foi remitida ao Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas e aprobada o 27 de xullo, non sendo posteriormente avalada polo Congreso dos Deputados; polo que, tal e como establece o artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remitiuse novamente unha nova proposta ao Consello de Política Fiscal e Financeira que foi aprobada o 22 de agosto con 8 votos a favor (Andalucía, Asturias, Cantabria, Comunidade Valenciana, Aragón, Castilla-La Mancha, Extremadura e Baleares) e 6 votos en contra (Galicia, A Ríoxa, Murcia, Canarias, Madrid e Castela e León).

Esta senda, proposta á Comisión Europea, implica unha flexibilización do obxectivo de déficit en dúas décimas máis en 2019 para as comunidades autónomas respecto da senda anterior, o que supón para Galicia uns 60 millóns de euros máis cos que potenciar servizos públicos como a Sanidade, a Educación e os Servizos Sociais, é dicir, mellorar o benestar social dos galegos e das galegas.

O Goberno galego votou en contra no Consello de Política Fiscal e Financeira nas dúas ocasións coa xustificación de que “*Galicia mantén a súa postura fronte á senda de déficit proposta polo Goberno central para 2019 porque implica máis débeda para os galegos*”, segundo o comunicación publicada pola Xunta de Galicia o 22 de agosto.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar as actuacións necesarias para favorecer a nova senda de consolidación fiscal promovida polo Goberno de España que flexibiliza a marxe de déficit público para 2019, o que suporá cerca de 6.000 millóns máis para o conxunto das administracións públicas, e ao mesmo tempo apoiar que o obxectivo de déficit para Galicia se estableza no 0,3 % do PIB fronte ao 0,1 % previsto polo Goberno anterior, o que aumentará a posibilidade de gasto nunha contía de 120 millóns de euros adicionais no exercicio do ano 2019.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:46:04

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:46:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:46:20

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

As pensións públicas teñen constituído e constitúen na actualidade os ingresos principais para un gran número de cidadáns e cidadás no noso país. Na actualidade existen máis de 750.000 pensións en Galicia, dentro dos máis de 9,5 millóns de España. A contía media desas pensión en Galicia son das máis baixas de España, situándose nunha media un 15 % inferior.

Pese a todo, as pensións téñense evidenciado, nestes anos de crise, como un dos elementos vertebradores da sociedade, principalmente para moitas das áreas territoriais de Galicia onde constitúen a principal fonte de ingresos de moitos fogares.

Cabe recordar que o Goberno de España, cando gobernaba o Partido Popular, iniciou a súa acción de goberno coa aplicación de varias medidas regresivas dirixidas a atentar contra a dignidade dos pensionistas, entre as que se poden enumerar:

- A aprobación do Real decreto-lei 16/2012, que establece o chamado “*copago farmacéutico*” e que supón que os pensionistas teñan que aboar parte do prezo dos medicamentos.
- O endurecemento das condicións de acceso á xubilación, coa aprobación do Real decreto-lei 5/2013, do 15 de marzo, que supuxo a ruptura do consenso alcanzado nesta materia a través da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.
- A reforma unilateral do sistema público de pensións levada a cabo pola Lei 23/2013, do 23 de decembro, reguladora do factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social, que afectou, por unha banda, á contía das pensións que se xeren a partir de 2019 e, por outra, o sistema de revalorización, establecendo unha modalidade de actualización das

contías das pensións que impoñen unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Desde finais de 2016 e durante 2017 revalorizándose as pensións nun 0,25 % anual, pero os prezos incrementáronse moi por riba desa porcentaxe, resultando unha perda significativa do poder de compra das persoas pensionistas.

A pesares diso, o Goberno do Partido Popular non adoptou ningunha medida que permitise asegurar o poder adquisitivo dos pensionistas nin medidas que lograsen o reequilibrio da situación financeira da Seguridade Social; pola contra, deixou case esgotada a denominada “hucha das pensións”, que ascendía a 67.000 millóns de euros cando o Sr. Rajoy accedeu á Presidencia do Goberno central.

Resulta pois urxente adoptar medidas de reforzo da estrutura dos ingresos de modo que se garanta un axeitado financiamento e sostibilidade do sistema de pensións, mantendo uns niveis dignos de cobertura, de tal xeito que se poida acadar a garantía de suficiencia na revalorización das pensións, sendo necesario que se tomen medidas para reparar a situación actual de insuficiencia de ingresos da Seguridade Social.

Co cambio de goberno o 2 de xuño deste ano, o presidente Pedro Sánchez nomea á nova ministra de Traballo, Magdalena Valerio, que o 12 de xuño reúne novamente á Comisión do Pacto de Toledo acordando revalorizar todas as pensións públicas segundo o IPC en tempos de bonanza económica e seguir negociando para que tamén se acorde, por todos os grupos políticos, que esta revalorización sexa efectiva en épocas de recesión ou crise.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a recuperación da centralidade do Pacto de Toledo e o diálogo cos interlocutores sociais, rematando coas medidas restritivas postas en vigor nos últimos anos polo Goberno de Mariano Rajoy, e promovendo que o aumento das pensións se realice en función da variación do IPC.

Pazo do Parlamento, 05 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 05/11/2018 17:37:40

Noela Blanco Rodríguez na data 05/11/2018 17:37:52

Abel Fermín Losada Álvarez na data 05/11/2018 17:40:00

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 17:40:08

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Maria Ángeles García Míguez, Encarnación Amigo Díaz, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Aurelio Nuñez Centeno, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos:

O Pleno do Congreso dous Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscrición dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A Proposición non de Lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tivese como obxectivo elaborar un informe co fin de identificar e analizar os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero.

Pola súa banda, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dun relatorio que estudase e avaliase, en materia de Violencia de Xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

A sexta Conferencia de Presidentes, reunida o 17 de xaneiro de 2017, adoptou o acordo de convocar a Comisión Xeral das CCAA do Senado para debater as achegas das Comunidades Autónomas ao Pacto de Estado.

En cumprimento deste Acordo, o 9 de marzo de 2017 celebrouse, no seo da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado, un debate onde, entre outros organismos, participaron representantes das diferentes Comunidades Autónomas.

O Pleno do Senado, na súa sesión celebrada o día 5 de abril de 2017, aprobou a moción da Comisión Xeral das Comunidades Autónomas, mediante a cal o Senado se mostrou favorable a alcanzar un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e formulou unha serie de propostas para que fosen incorporadas ao mencionado Pacto. Estas propostas trasladáronse á Subcomisión do Congreso e ao Relatorio do Senado.

O 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe do Relatorio de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Pola súa banda, o Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou sen ningún voto en contra o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Os dous textos, como indicaba a Proposición Non de Lei, remitíronse ao Goberno para que os sometese a acordo cos representantes de Comunidades Autónomas, concellos, partidos políticos, Administración de Xustiza, organizacións sindicais e empresariais e asociacións civís.

O compromiso económico global destinado a desenvolver este Pacto supón un Incremento de mil millóns de euros durante o próximos cinco anos desagregados da seguinte forma: 100 millóns de euros adicionais destinados ás Entidades locais, 500 millóns de euros adicionais destinados ás Comunidades Autónomas e outros 400 millóns de euros adicionais destinados a competencias estatais contra a Violencia de Xénero dentro dos Orzamentos Xerais do Estado.

No BOE do 4 de agosto de 2018 publicábase a Resolución do 3 de agosto de 2018, da Secretaría de Estado de Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 3 de agosto de 2018, polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante para o exercicio 2018 do crédito de 100.000.000 euros para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

No Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero publicado no BOE o 4 de agosto de 2018, na súa Disposición final terceira recóllese a distribución dos fondos destinados ao cumprimento do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, asignados aos concellos para programas dirixidos á erradicación da violencia de xénero

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte Proposición non de Lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno do Estado para solicitarlle:

1. Levar a cabo as reformas lexislativas aprobadas e recollidas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero antes de que finalice o ano.
2. Concretar a forma e o prazo sobre a formalización da distribución dos créditos correspondentes ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero tanto ás CCAA como ás entidades locais.
3. Reactivar os seis Grupos de Traballo creados no seo da Comisión Técnica de Igualdade celebrada o 30 de novembro de 2017 con obxecto de coordinar as accións para desenvolver para a implementación das medidas prioritarias no ano 2018, coordinados pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero”.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/11/2018 18:35:49

María Ángeles García Míguez na data 05/11/2018 18:36:13

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/11/2018 18:36:22

Marta Rodríguez Arias na data 05/11/2018 18:36:29

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 05/11/2018 18:36:56

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 05/11/2018 18:38:00

María Soraya Salorio Porral na data 05/11/2018 18:38:09

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/11/2018 18:38:20

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Dende a entrada en vigor da reforma da Lei de saúde a inicios de 2018 os hospitais comarcais teñen estado no foco dos problemas de asistencia hospitalaria no Sistema galego de saúde, pois en numerosas ocasións se teñen dado escenarios de perda temporal de servizos pola ausencia de persoal ou problemas de recursos materiais. Así, constátase a realidade da súa perda de capacidade asistencial e a súa nula posibilidade de influír na toma de decisións, como foi alertado coa tramitación da devandita reforma da lei.

O caso do Hospital do Salnés resulta paradigmático. Un centro que viu nos últimos meses recortadas as súas prestacións ben por unha cuestión de recursos humanos, como no caso do servizo de medicina interna que antes do verán perdeu á metade dos seus integrantes, ou de recursos materiais, como a obrigada derivación de pacientes a Pontevedra ao avariarse o TAC do Hospital no mes de outubro e demorarse unha semana a atención para resolver o problema.

Nos últimos días de outubro e inicio de novembro, o Hospital do Salnés sufriu un novo problema serio ao ter que permanecer varios pacientes en cabinas de urxencias sen poder ingresar por non haber camas dispoñibles. Esta situación dáse ao estar a terceira planta do Hospital do Salnés pechada dende o mes de xuño, sen estar nin sequera dotado de persoal suficiente para poder atender a esa planta. A limitación de camas obrigou non so a estas citadas esperas en urxencias, senón a manter na segunda planta, destinada a outros fins, a ata 5 pacientes de obrigado illamento, o que limitou máis aínda a capacidade do hospital ao ter que dedicar habitacións dobres á atención individual debido á situación de illamento.

A situación de auténtica precariedade que viven os profesionais, sumada á previsión da chegada do inverno que aumenta a entrada no hospital de persoas

afectadas polos previsibles episodios de gripe, provoca un enorme escenario de incerteza para profesionais e pacientes, que observan como a calidade de atención do hospital descende polo desleixo e abandono por parte da Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer un plan de contratación de persoal para o Hospital do Salnés que permita manter aberta a terceira planta do centro de maneira permanente.
2. Realizar un informe sobre a resposta ofrecida pola Dirección do centro ante as demandas de profesionais e persoas usuarias nos últimos días de outubro e primeiros de novembro, acerca das prolongadas esperas en urxencias de pacientes sen cama dispoñible para ingresar.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/11/2018 11:27:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 11:30
Nº Rexistro: 39696
Data envío: 06/11/2018 11:30:21.679

Noela Blanco Rodríguez na data 06/11/2018 11:28:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 11:28:06

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, e a deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A perda de alumnos e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia da grave crise demográfica que atravesa Galicia, incluso o peche dalgún deles, dá lugar a situacións graves que deben ser corrixidas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

1. A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.
2. A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

Por outra banda, non podemos facer abstracción da actual realidade educativa no relativo á formación profesional e á necesidade de que, na máxima medida do posible, a oferta se adecúe ao contexto produtivo dos centros. En boa medida, a actual oferta é unha herdanza das ensinanzas preexistentes da formación profesional de primeiro e segundo grao correspondentes á xa mencionada Lei xeral de educación de 1970.

O anterior supuxo a extinción de ensinanzas por falta de alumnos interesados en cursalas, o que se produce porque esas ensinanzas formaban alumnado para o desempeño de profesións innecesarias no entorno deses centros.

Por outro lado, é necesario mudar as políticas relativas os servizos complementarios, en concreto na ampliación da cobertura dos comedores escolares, de xeito que se convertan nun verdadeiro elemento de dobre obxectivo: contribuír á finalidade educativa que deben ter (máxime na tan necesaria

educación alimentaria) e como servizo esencial que contribúa á conciliación da vida familiar e laboral.

Por último, tamén se pon de manifesto en numerosos concellos de Galicia que ao remate das etapas obrigatorias, hai alumnado que se debe escolarizar noutras localidades, o que implica non poucas complexidades para este alumnado e as súas familias, desde os horarios ata o custo económico.

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1º) Revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia.
- 2º) Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo sostible e coa participación necesaria da Administración local.
- 3º) Aproveitar con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino post obrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2018 12:36
Nº Rexistro: 39704
Data envío: 06/11/2018 12:36:33.698

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/11/2018 12:34:17

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/11/2018 12:34:35

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2018 12:34:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Eva Solla Fernández e Flora María Miranda Pena** e do seu deputado **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, que foi declarada de interese galego pola Xunta, leva máis de dúas décadas adicada a promover a rehabilitación e reinserción social de persoas con trastornos de adicción, dirixindo a atención tamén ás familias, de xeito gratuíto.

En 2015, descólganse do Convenio Colectivo Estatal de Acción e Intervención Social 2015-2017 e non hai vontade da Fundación de aplicar en 2018 dito convenio, que mesmo se negou a unha mediación. Lonxe diso, a Fundación represaliou a quen reclama melloras laborais, con aumento de horarios, prohibición de cambios de quenda, mensaxes e actitudes ameazantes, ceses e traslado de cargos con antigüidade e traxectoria avalada por teren reclamado os seus dereitos laborais e peche dos centros de Lugo e Pontevedra, así como negación de admisión de novos ingresos na Comunidade Terapéutica de Cernadas, a única que acolle en réxime de internamento a mulleres con fillos e fillas a cargo menores de 3 anos.

Na práctica, a Fundación mantíña un convenio de empresa encuberto, por baixo das condicións do convenio estatal:



- 1.826 horas de xornada fronte ás 1.750 h do Convenio Estatal.
- non se cobren os descansos mínimos do Estatuto de Traballadores.
- distribución irregular da xornada laboral, a criterio da dirección.
- traslados de persoal a criterio da Dirección.
- inclúese a categoría “terapeuta en formación”, que non existe no convenio estatal.
- 2 pagas extra, fronte ás 3 do Convenio Estatal.
- o persoal leva 2 anos sen recoñecementos médicos.
- percepción do 100% de salario só nos primeiros 8 días de baixa.

Asemade, falta un plan de prevención e avaliación de riscos, non hai formación continua interna pagada polo centro e o persoal actualízase pola súa conta, e, por outra parte, as propostas de mellora e actualización de métodos achegadas polo persoal nunca se teñen en conta, de xeito que Proxecto Home Galiza quedou atrasado a respecto do resto do Estado, con respecto á Asociación Proyecto Hombre.

A vulneración de dereitos laborais, xa en coñecemento da Inspección de Traballo, convértese nun problema social, pois afecta a servizos esenciais de atención a persoas con trastornos de adicción.

A Xunta debe integrar todo o sistema de atención a persoas drogodependentes no sector público, tal como sinalaba o Plan de Trastornos Aditivos de Galiza 2011-2016 nos seus obxectivos “garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde”; plan que, por outra parte, cómpre renovar, como obriga a propia Lei 2/1996 sobre drogas. Dita lei, ademais, no seu artigo 29, tamén sinala que a Xunta “promoverá a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede xeral de saúde e servizos sociais”.



Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- Impulsar unha mediación no seo do Consello Galego de Relacións Laborais entre a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home e a representación do seu persoal.
- Impulsar unha auditoría económica sobre as achegas de fondos públicos á Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia.
- Presentar un plan para garantir a integración da asistencia a persoas con trastornos aditivos na rede xeral de saúde e servizos sociais.
- Elaborar urxentemente un novo Plan de Trastornos Aditivos actualizado.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Eva Solla Fernández
Flora Miranda Pena
Deputadas do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 18:16:07

Eva Solla Fernández na data 06/11/2018 18:16:15

Flora María Miranda Pena na data 06/11/2018 18:16:21

Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 18:16:38

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Eva Solla Fernández, Paula Vázquez Verao e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.^a**, sobre a necesidade de introducir a psicoterapia na Atención Primaria de Saúde para o manexo dos malestares cotiás sen fomento da medicalización innecesaria da vida.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a saúde como un estado de completo benestar físico, mental e social, máis aló da ausencia de enfermidade ou doenza. Este concepto vai vencellado non só ás condicións físicas das persoas, senón tamén á súa cultura, ao entorno, aos seus determinantes sociais e emocionais. Neste contexto amplo, integral e dinámico desenvólvese a Atención Primaria de Saúde tomando como un dos seus referentes os documentos da Conferencia Mundial de Alma Ata.

A Atención Primaria de saúde reúne unhas características de integralidade, lonxitudinalidade, accesibilidade e coñecemento do medio que a fan máis eficiente para a consecución dos obxectivos de menor mortalidade, maior equidade, distribución máis equitativa dos servizos de saúde e menos hospitalizacións.

É variado o marco normativo e estratéxico que sitúa a Atención Primaria como o lugar axeitado para o manexo de trastornos mentais comúns como a ansiedade, a



depresión e os trastornos adaptativos, así como a conveniencia do emprego de estratexias psicoterapéuticas no seu manexo (Estrategias de Salud Mental en España, Informes mundiais da OMS e da WONCA, Plan de Acción da OMS sobre Saúde Mental 2013-2020.)

O tratamento psicolóxico é unha das prestacións sanitarias básicas da carteira de servizos do *Sistema Nacional de Saúde* (SNS). As principais guías clínicas recollen que a psicoterapia é igual de eficaz que a medicación a curto e a longo prazo, reduce as recaídas e evita tanto a cronificación como efectos secundarios indesexados.

Ademais supón unha optimización de recursos públicos porque reduce custos directos en forma de psicofármacos e custos indirectos expresados en discapacidades e incapacidades laborais transitorias, con maiores cotas de benestar para as persoas usuarias. Isto redunda nunha maior xustiza distributiva dos recursos.

No noso país un terzo das consultas de Atención Primaria (AP) están motivadas por un problema relacionado coa saúde mental e, aínda que o tratamento psicolóxico está dispoñible no SNS, a súa accesibilidade para a persoa usuaria é extremadamente baixa. A lista de agarda sitúase entre 3 e 4 meses con revisións cada 1 ou 2 meses, co cal non resulta infrecuente que, ante esa demora, os pacientes escollan un tratamento farmacolóxico inmediato. O número de especialistas en psicoloxía clínica do Sergas estímase en 1.2 por cada 100.000 habitantes.

Con estes datos podemos asegurar que a día de hoxe, o tratamento psicolóxico non é unha prestación real pola súa falta de accesibilidade. Iso contradí os preceptos da Lei de Autonomía do paciente, que establece que cada persoa



escollerá tras recibir a información suficiente e necesaria entre os diversos tratamentos ofertados.

Diante disto, cómpre promover que a atención psicolóxica sexa unha prestación real á que as persoas poidan acceder desde o primeiro nivel asistencial. Polo tanto defendemos o desenvolvemento da atención psicolóxica en AP, a través da integración de psicólogas/os clínicos/as nos equipos de AP.

Ademais a AP adoita ser o dispositivo de primeiro contacto de persoas usuarias con trastorno mental grave e ideas suicidas. Situar profesionais especializados/as neste nivel sería relevante para manexar unha primeira intervención eficaz dentro do marco da saúde mental comunitaria.

Outro dos elementos que reforza a idea de que a Atención Primaria é o eslabón axeitado para o desenvolvemento dunha óptima atención á saúde mental das persoas é que se desenvolve no contexto comunitario, no que é posible avaliar mellor todos os factores que determinan a súa saúde: o ámbito laboral, profesional, relacional, familiar, económico, de parella, cultural... Isto permite desenvolver unha atención máis baseada na equidade, principio bioético esencial na xestión de recursos e na mellora das condicións de vida das persoas: “a cada quen, o que precisa”.

A elevada prevalencia dos trastornos emocionais na consulta dos/as médicas de familia contrasta con que na maioría das ocasións non dispoñen de tempo suficiente para tratalos de xeito non farmacolóxico, inducendo así un fenómeno de medicalización excesiva dos malestares emocionais da vida cotiá que compre abordar. Non só desde unha perspectiva de mellora das condicións de vida da xente e de fomento da súa autonomía, senón da propia sostenibilidade do sistema sanitario.

A Atención Primaria de saúde é tamén o contexto idóneo para evitar que



conflitos de índole social, profesional ou relacional se patoloxicen, ou sexa, para exercer a chamada prevención cuaternaria. Por tanto, o obxectivo principal da atención en AP á saúde mental é o de contextualizar o sufrimento na biografía e nas circunstancias persoais de cada persoa, axudándoa a xestionar as súas preocupacións e malestares fóra do contexto sanitario.

Se apostamos por aplicar a vontade política en mellorar os estándares de saúde das galegas e dos galegos deberíamos considerar o modelo biopsicosocial en toda a súa extensión, priorizando a atención á saúde mental das persoas desde a Atención Primaria tal como recomendan numerosas institucións sanitarias internacionais.

Mesmo organismos como a OMS e o Banco Mundial (na súa búsqueda de explotar criterios economicistas) poden servirnos neste caso de aliados ao publicaren, xunto coa revista The Lancet que cada dólar investido en saúde mental supón catro de aforro (por se non fose suficiente o argumento da mellora da calidade de vida e da saúde da poboación).

Se revisamos a situación da atención á Saúde Mental noutras comunidades veremos que en non poucos Parlamentos foron adiante propostas relativas á introdución da psicoloxía clínica no entorno da Atención Primaria: en Asturias, Baleares, Catalunya e Madrid xa foi aprobado, nalgunha delas por unanimidade. É significativo que a orixe da proposta fose do máis diverso según comunidades. En Navarra, Valencia, Murcia, Aragón e Castela-León esta proposta se atopa en fase de tramitación. Non desexamos que Galicia quede atrás.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a facer efectiva a presenza de especialistas en psicoloxía clínica no entorno da Atención Primaria de saúde co



obxecto de abordar desde unha perspectiva biopsicosocial o transtorno mental leve (ansiedade, depresión e transtorno adaptativo) evitando a medicalización excesiva, procurando maiores cotas de benestar nas galegas e galegos mediante o tratamento psicoterapéutico, establecendo un plan individualizado para cada persoa en base a criterios de equidade, detectando o risco de suicidio e a patoloxía mental grave e evitando, de modo consecuente, costes secundarios en termos económicos, sociolaborais e de saúde.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Eva Solla Fernández

Paula Vázquez Verao

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 06/11/2018 18:17:53

Eva Solla Fernández na data 06/11/2018 18:18:01

Paula Vázquez Verao na data 06/11/2018 18:18:10

Paula Quinteiro Araújo na data 06/11/2018 18:18:13



Luis Villares Naveira na data 06/11/2018 18:18:21

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Miguez, Alberto Pazos Couñago, Gonzalo Trenor López, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

O pasado 16 de outubro celebrábase en Madrid unha nova xuntanza do Consello Nacional da Auga, un foro do que forman parte a Administración xeral do Estado, as Comunidades Autónomas, os entes locais e os organismos de conca, ademais de organizacións profesionais e económicas relacionadas coa auga, así como entidades empresariais e sindicais do sector e grupos ecoloxistas.

Entre os asuntos abordados nese encontro estiveron os plans de prevención das inundacións e os plans especiais contra a seca, cuestións de máximo interese para o Goberno galego, dado o actual contexto de cambio climático e tendo en conta as situacións que se viviron non hai tantos meses, en particular, nos concellos que se alimentan dos recursos hídricos procedentes dos encoros de Eiras e de Zamáns.

Neste sentido, coñecemos tamén que desde o Goberno galego se está a traballar na nova planificación hidrolóxica na demarcación Galicia-Costa, e nas medidas para garantir o abastecemento da poboación en situación de ausencia prolongada de precipitacións como a que se viviu na Comunidade galega en 2016 e 2017.

O pasado 25 de outubro tivo lugar un encontro entre a Xunta, o Goberno do Estado e o Concello de Vigo na que se abordou conxuntamente esta situación e se deron pasos para avanzar en medidas estruturais para garantir o abastecemento de auga nesta comarca.

Entre outros acordos, acadouse o compromiso de realizar conxuntamente un estudo sobre a mellor medida estrutural para garantir o abastecemento de Vigo e a zona sur da provincia de Pontevedra.

Neste grupo parlamentario consideramos prioritario que as distintas administracións traballen de forma conxunta para evitar posibles situación de seca que deriven en falta de abastecemento á poboación, unha materia que é de competencia municipal, adoptando as medidas preventivas oportunas para tratar de evitar no futuro estas situacións.

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- Conxuntamente co Goberno do Estado e co Concello de Vigo, impulsar e axilizar o convenio de colaboración entre as tres partes para avanzar na realización do estudo de alternativas que analice en detalle o mellor xeito de garantir o abastecemento de auga na comarca de Vigo.
- 2.- Dirixirse ao Goberno de España para solicitar a declaración como actuación de interese xeral do Estado das obras necesarias para garantir o abastecemento na área de Vigo, se así o aconsellan os resultados do dito estudo.
- 3.- Dirixirse ao Concello de Vigo para que, de modo urxente a concesionaria, Aqualia, mellore a capacidade de tratamento da estación potabilizadora, corrixindo as deficiencias actuais, que impiden que a ETAP poida tratar auga para o consumo cando o encoro de Eiras baixa do 40% da capacidade”.

Santiago de Compostela, 6 de Novembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/11/2018 18:18:45

Teresa Egerique Mosquera na data 06/11/2018 18:19:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/11/2018 18:19:32

Alberto Pazos Couñago na data 06/11/2018 18:19:44

Gonzalo Trenor López na data 06/11/2018 18:19:57

Marta Novoa Iglesias na data 06/11/2018 18:20:37

Martín Fernández Prado na data 06/11/2018 18:20:50

Jaime Castiñeira Broz na data 06/11/2018 18:21:03

Jacobo Moreira Ferro na data 06/11/2018 18:21:11

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/11/2018 18:21:27

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/11/2018 18:21:39

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga, Paula Quinteiro Araújo e Flora Miranda Pena**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**

Exposición de motivos

O luns 5 de novembro celebrouse en Santiago de Compostela a I Conferencia Internacional de Mulleres da Pesca, organizada polo Ministerio de Pesca e a Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO). Nela aprobouse unha declaración favorable a igualdade de oportunidades cuxa finalidade é promover a mellora das condicións laborais, económicas e sociais das mulleres do sector.

Na declaración advírtese de que “non sempre estivo recoñecida [a actividade das mulleres do mar] como un auténtico traballo, senón como unha extensión da súa labor no ámbito doméstico”. Tendo isto en conta, urxe incorporar a perspectiva de xénero no deseño das políticas pesqueiras.

A declaración esixe unha mellora das condicións laborais e solicita fomentar a capacitación das mulleres do mar e favorecer o asociacionismo.

Que existe unha fenda de xénero no sector pesqueiro vémolos con claridade ao contrastar os datos. En Galicia, hai 6.000 traballadoras do mar. Son o 75% dos profesionais do marisqueo a pe, o 84% das persoas que se dedican a arranxar as



redes e o 70% dos traballadores das fábricas transformadoras e conserveiras, pero só o 5% do persoal da pesca extractiva.

E non contamos con boas razóns para o optimismo. Nas últimas eleccións aos pósitos galegos, foron escollidas só 6 mulleres como patroas maiores, fronte ás 13 que había ata agora. Isto significa que menos do 10% das confrarías estarán dirixidas por unha muller os próximos catro anos. Por este motivo, a Asociación de Mulleres do Mar de Arousa vén de reclamar “que se establezan cotas nas eleccións das distintas Federacións”, ningunha das cales foi presidida nunca por unha muller, e crear “unha comisión que, con carácter permanente, estude a baixa participación feminina e estableza medidas para facilitar o acceso das mulleres aos postos de dirección nos pósitos galegos”.

Acerca destas cuestións, o Presidente da Xunta lamentou que o papel da muller non se valore como corresponde e que non conte coa suficiente representación, polo que considera imprescindible “seguir impulsando o seu rol na pesca e fomentar o seu acceso a postos de liderado”. A declaración de intencións está ben, pero de nada serve se non vai acompañada de políticas que reforcen ás mulleres no sector pesqueiro, polo que cómpre preguntarse que vai facer o Goberno para apoiar con feitos as palabras do seu presidente.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Asumir as demandas das traballadoras do mar que foron expostas na declaración I Conferencia Internacional de Mulleres da Pesca, organizada polo Ministerio de Pesca e a Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura.



- Establecer cotas eleccións das distintas Federacións e crear unha comisión que, con carácter permanente, estude a baixa participación feminina e estableza medidas para facilitar o acceso das mulleres aos postos de dirección nos pósitos galegos.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araújo

Flora Miranda Pena

Deputadas do G.P. de En Marea.

Carmen Santos Queiruga

Vicevoceira do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/11/2018 19:19:27

Carmen Santos Queiruga na data 06/11/2018 19:19:40

Paula Quinteiro Araújo na data 06/11/2018 19:19:49



Flora María Miranda Pena na data 06/11/2018 19:21:02

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez** e do seu deputado **Antón Sánchez García**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4.^a**

Exposición de motivos

O Consello da Xunta vén de aprobar un anteproxecto de lei de rehabilitación e rexeneración urbana que recorta de maneira significativa as obrigas de control da Dirección Xeral de Patrimonio, tanto nas reconstrucións como nas restauracións dos edificios. Se sae adiante, os únicos inmobles que precisarán o permiso previo do departamento de Patrimonio para efectuar obras serán aqueles declarados Bens de Interese Cultural (BICs). No resto dos casos, bastará coa licencia municipal. Desta maneira, asistiremos a situacións paradoxais, xa que os edificios que sexan BICs contarán coa protección extra de Patrimonio, pero os inmobles que non sexan BICs, situados en cascos históricos que si sexan BICs, non, polo que os edificios BICs estarán máis controlados que os cascos históricos BICs, algo que non ten ningunha lóxica.

Eliminar o control extra de Patrimonio nos inmobles que non sexan BICs, facilitará o uso discrecional de materiais, a modificación do propiedade horizontal, unir vivendas en edificios diferentes, agrupar locais comerciais, autorizar que un mesmo portal sexa o acceso a varias construcións, levar a cabo cambios de cuberta e actuacións en carpinterías exteriores e fachadas, etcétera. Non fai falla subliñar que este tipo de obras poderían mudar a faciana dos



espazos declarados BICs, polo que non se entende que reciban unha menor atención que os inmobles declarados BICs individualmente.

Segundo o Presidente da Xunta, a medida tómase para incentivar a rehabilitación e a rexeneración de milleiros de inmobles en mal estado que non son reparados por mor das esixencias actuais que impón a administración autonómica. O argumento é falaz, porque supón que a única solución para motivar aos donos e donas de vivendas para que reparen os edificios é eliminar os controis de Patrimonio, e non considera, nin sequera, a posibilidade de destinar máis recursos para axilizar os trámites do departamento.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Destinar máis recursos a Patrimonio que permitan simplificar e axilizar os seus procesos de control.
- Esixir o permiso de Patrimonio a todos os edificios que pretendan realizar obras e que formen parte de zonas declaradas BICs para garantir que se preservan os valores dos espazos.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Antón Sánchez García

Deputadas e vicevoceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 07/11/2018 09:51:57

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/11/2018 09:52:06

Luca Chao Pérez na data 07/11/2018 09:52:13

Antón Sánchez García na data 07/11/2018 09:52:19



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Plataforma para a Defensa da Ría do Burgo e a Confraría de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a ría, constatándose ano tras ano que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para á Rexeneración medioambiental e da Recuperación dos bancos marisqueiros da Ría do Burgo.

Non hai avances na recuperación medioambiental, a Xunta de Galicia non ten adoptado ningunha medida máis cá propaganda, os grandes anuncios de actuacións que nunca se levan a cabo, ou fraudulentas reivindicacións contra o Goberno español cando non é da súa cor política.

Temos si un acordo unánime desta cámara de hai poucas semanas de instar ó goberno central de incluír nos orzamentos do estado a cantidade necesaria prá rexeneración pendente que supera os 46 millóns de euros. Houbo tantas manobras dilatorias duns e doutros que o escepticismo está instalado nos afectados. Non así a continuidade da loita que é cada vez máis sólida e firme.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:03:18

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:03:28

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:03:38

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:03:42

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e deputados **Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os GES son grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, que prestan servizo en 174 concellos (dos 313 existentes), cubrindo as zonas de sombra ás que os parques de bombeiros non chegan a dar cobertura.

No convenio onde se regula a súa creación xa se especifica que deben contar cuns medios materiais definidos. En concreto, co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas a desenvolver, cada GES contará cun vehículo todoterreo que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc. Terán tamén batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPI), necesarios para realizar as súas funcións. En canto á roupa, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo.

No relativo ás instalacións, no convenio establécese que o concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A pesares do estipulado no convenio, no tocante aos medios materiais dos GES, a realidade é que existe unha xeralizada carencia de medios: Os EPI empregados non son os axeitados para a tarefa, hai GES que non contan con medios para



realizar excarceracións ou atencións sanitarias, etc. Outros medios están infrautilizados por non haber persoal que os atenda ou dáselle fins distintos aos iniciais, o que supón unha inaceptable malversación de fondos públicos: Así, empréganse vehículos dotacionais, motobombas ou carrocetas, adquiridos con fondos europeos para atención de emerxencias, para outras tarefas que nada teñen que ver.

Danse casos de camións adquiridos a través de subvencións con fondos europeos que non se están empregando, algúns incluso que non están matriculados, por non ter condutores, a pesares de estar esa condición estipulada nas cláusulas de cesión do vehículo, onde se establecía que o beneficiario se comprometía a mantelos operativos 365 días / 24 horas, mediante a contratación dun chofer. Tamén ocorre que camións que tiñan un equipamento específico para atender ás emerxencias, o que incrementaba o seu custe, chegando algúns a rondar os 200.000€, foron modificados e quitóuselles todo ese equipamento específico para facer simples camionetas de transporte de mercadorías ou camións de vías e obras, malversando con estas actuacións fondos públicos e infrautilizando recursos necesarios para moitos GES.

As instalacións nas que traballan estes grupos, en moitos casos non compren coas condicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, esixidas polo Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1. Dotar ao persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) do material adecuado e suficiente para a realización das súas funcións en



condicións de seguridade, tanto para o persoal como para a cidadanía en xeral.

2. Establecer un procedemento claro de control e fiscalización dos recursos adquiridos con fondos públicos, ben sexan europeos, autonómicos ou locais, para supervisar que sexan empregados de xeito axeitado e eficiente, evitando situacións de mal uso de fondos públicos como as citadas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Paula Vázquez Verao

Davide Rodríguez Estévez

Voceiro e deputadas do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/11/2018 17:18:00

Carmen Santos Queiruga na data 07/11/2018 17:18:07

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2018 17:18:15

David Rodríguez Estévez na data 07/11/2018 17:18:23



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na parroquia arzuá de Dombodán, á beira do encoro de Portodemouros acondicionouse na década dos 90 con fondos europeos do plan Leader un complexo deportivo que chegou a ser un importante foco de atracción turística e deportiva, pois foi un centro náutico de referencia chegando a albergar competicións deportivas oficiais.

O PP desde a Xunta de Galiza no ano 2010 interveu a xestión do complexo dando de baixa do rexistro de empresas e actividades turísticas á empresa que xestionaba o complexo por incumprimento das súas obrigas, mais non ofreceu ningunha alternativa para frear o desmantelamento progresivo das instalacións.

Oito anos despois os edificios e demais instalacións presentan un estado lamentable de abandono, pillaxe e destrución, ademais da ausencia do servizo que prestaba en primeiro lugar á comarca e que transcendía a esta para o resto do País galego e mesmo ó estado.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a tomar a iniciativa e chegar a acordos coa empresa propietaria dos terreos para poñer en marcha a rehabilitación das instalacións e da zona, para poñela de novo en funcionamento e poida así volver ter os usos para os que foi creada, algo que sen dúbida revertería moi positivamente na oferta turística e na economía de Arzúa.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2018 18:47:13



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 39905
Data envío: 07/11/2018 18:58:47.632

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2018 18:47:18

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2018 18:47:20

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2018 18:47:21

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2018 18:47:22

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2018 18:47:24

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno da Xunta de Galicia, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como os do pasado mes de outubro e ata á vaga de lumes de 2017. En Salvaterra de Miño, en decembro do ano pasado, como consecuencia dos lumes e logo das chuvias abundantes, produciuse un derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, quedando numerosas veciñas e veciños afectados pola rotura da pista municipal de acceso polos arrastres de terras.

Ningunha administración se preocupou por eles ata que o Grupo Municipal Socialista solicitaba, nunha petición de convocatoria de Pleno extraordinario rexistrada o día 2 de agosto, a reparación urxente da pista. Curiosamente, só cinco días despois o alcalde de Salvaterra de Miño facía referencia a un informe municipal (de data xuño) que recolle a necesidade inmediata e urxente da realización das obras e solicitaba á Consellería de Medio Rural a reconstrución da pista e a inclusión das obras no Plan de infraestruturas rurais 2018. Acto seguido, outros cinco días despois firmaba coa Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da consellería un convenio de colaboración a tal fin, por un importe de 48.387,36 euros, colocación de cartel de obras incluído.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a reparar, de forma urxente e sempre antes de que remate o ano 2018, a pista afectada polo derrube no viario que conduce ao barrio da Igrexa, na parroquia de Vilacoba, no concello de Salvaterra de Miño, executando na súa totalidade o convenio entre a Alcaldía de Salvaterra de Miño e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural.

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Manuel Pérez Seco
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/11/2018 10:34:11

Raúl Fernández Fernández na data 08/11/2018 10:34:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 10:34:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 10:37
Nº Rexistro: 39920
Data envío: 08/11/2018 10:37:28.531

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 10:34:32

María Luisa Pierres López na data 08/11/2018 10:34:37

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 10:34:48



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39930
Data envío: 08/11/2018 12:11:35.358

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do mes de outubro a Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- anunciaba o peche do MAC (Museo de Arte Contemporánea) na cidade da Coruña . Esta nova caeu como un xarro de auga fría na cidade e supón unha perda en termos culturais para o noso país.

O MAC foi inaugurado en 1995, reformado e ampliado en 2004 e converteuse nun referente cultural, cunha importante actividade, que vai desde cursos e talleres, bolsas artísticas, exposicións, concertos e proxección de películas e documentais. Ademais este museo conta cunha importante colección de arte que abarca os principais ámbitos estéticos de Galiza e do resto do estado, moi centrada nas correntes artísticas do século XX.

A decisión da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- supón un paso máis nun proceso de espolio, no que as eléctricas obteñen grandes beneficios a costa da explotación de recursos naturais na Galiza, sen que isto teña retornos en termos sociais.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39930
Data envío: 08/11/2018 12:11:35.358

Desde o BNG amosamos o noso profundo desacordo con esta decisión, e pensamos que é necesario poñer en marcha unha ofensiva institucional e social que evite a desaparición dun espazo cultural na cidade da Coruña.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución manifestar a súa oposición ao peche do MAC (Museo de Arte Contemporánea) da Fundación Naturgy -antes Fundación Gas Natural Fenosa- e insta á Xunta de Galiza a tomar todas as medidas necesarias para garantir o mantemento da actividade cultural e que exista un retorno dos beneficios que Naturgy obtén pola explotación de recursos naturais na Galiza.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 12:11
Nº Rexistro: 39930
Data envío: 08/11/2018 12:11:35.358

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 12:08:10

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 12:08:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 12:08:17

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 12:08:19

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 12:08:20

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 12:08:21

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa a presenza da Xunta de Galicia no Consello de Administración de Navantia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galicia aprobou en marzo de 2016 por unanimidade instar a Xunta de Galicia a participar no Consello de Administración de Navantia para poder tomar parte das decisións e ter información puntual e completa que afectan as factorías de Fene e Ferrol. Trataríase así de cumprir a Lei do Sector Naval de Galicia. Dous anos e medio despois todo isto nunca se chegou a materializar.

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno do Estado, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos. Tamén dous e medio despois, o Plan segue sen ser unha realidade e a Xunta de Galicia non ten a información completa sobre este retraso nin pode intervir de maneira executiva por non estar no mencionado Consello de Administración.

O informe do CES de marzo de 2017 sobre Ferrol e a súa área de influencia tamén incidía neste asunto e sinalaba:



“Neste senso, entre as actuacións que debería contemplar están, entre outras, a creación dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, como unidade territorial autónoma; a posta en marcha do Centro tecnolóxico; medidas de rexuvenecemento do plantel do sector naval; reforzar as actuacións en materia de política comercial para a consecución de máis contratos para Navantia e para as súas distintas áreas de negocio (factoría naval, reparacións, turbinas); ou a posta en marcha do proxecto de construción dun dique dunha dimensión suficiente.

Tendo en conta que o sector naval é un dos sectores estratéxicos recollidos na Industria 4.0, sería positivo valorar a posibilidade da participación da Xunta no Consello de Administración de Navantia.”

É incompresible que os responsables do PP en Galicia non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial e a súa capacidade tractors e estratéxica sobre o desenvolvemento dos sectores industriais de Galicia. Deste xeito non se pode entender esta inhibición do Goberno galego ante a posibilidade de ser un axente activo no desenvolvemento deste estaleiro a través da súa presenza no seu Consello de Administración.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, polo que En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a exixir á dirección da SEPI a súa inclusión no Consello de Administración de Navantia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.



Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 13:17:43

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 13:18:04



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa ao desenvolvemento inmediato do Plan Industrial de Navantia Fene-Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do grupo parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial deberá definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables con tecnoloxía propia e non un mero alugador de espazo e servizos auxiliares para outra empresa como sucede agora.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o



afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012. Nos últimos meses cambiou o Goberno e a Presidencia da SEPI e non podemos permitir que esta situación se manteña por máis tempo.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia.

Por contra, cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando que non ter competencias.

Tamén é incompresible que os responsables do PP en Galicia non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol, un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de dous anos e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai dous anos e medio, segue nas pavías, e ante esta inacción e indiferenza do Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprensible tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.



Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa levan un ritmo totalmente inasumible.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, polo que En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Desenvolver todas as iniciativas, tanto propias como ante a SEPI e o Ministerio de Industria, para poñer en marcha o Plan Industrial de Navantia.
- 2.- Esixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo igual a o das baixas.
- 3.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.
- 4.- Acelerar na Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Ferrol estratexias ou actuacións para rematar o estudo de impacto medioambiental para o dique seco de Navantia en Caranza, elemento fundamental para dar viabilidade ao Plan Industrial e a competitividade do estaleiro.
- 5.- Trasladar ao Goberno o interese da Xunta de Galicia en estar representada nesas negociacións.



6.- Instar ao Goberno a aportar información do financiamento previsto para desenvolver o Plan industrial e para reordenar o equilibrio das contas de Navantia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 13:20:15

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 13:20:25

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Alvarez, José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

No pasado mes de abril deste ano, nunha rolda de prensa o presidente da Xunta de Galicia acompañado da presidenta da Zona Franca e do conselleiro de Educación, anunciaba a creación dun Campus da FP coa construción dun edificio (citado como “Centro Hub”) na parcela na que se sitúan o CIFP Manuel Antonio e a Residencia Docente no ámbito do Meixoeiro.

Sempre segundo a Xunta de Galicia o desenvolvemento deste campus supuña o investimento de 12,6 millóns de euros, dos que 5,5 serían aportados polo Consorcio da Zona Franca de Vigo. Nas informacións sinalábase que o obxectivo sería servir de “ponte” entre os centros educativos de FP e as empresas.

Competencias toda elas en mans da Xunta de Galicia. Tanto as competencias educativas no ensino secundario, como a promoción e política industrial e de innovación. Especialmente a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que é responsable da Formación Profesional para o Emprego.

Existe un consenso xeneralizado sobre as carencias importantes na oferta dos centros públicos de Formación Profesional da cidade, que se plasmaron en mocións aprobadas polo Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV). Pois sorprendentemente estás peticións son ignoradas no proxecto de Campus, cando parece que sería o momento indicado para estudar as necesarias modificacións na oferta.

A Xunta de Galicia, que pretende como sempre invitar e que outros paguen, ameaza con desbotar o proxecto unha vez que ZFV decide non participar por non formar parte dos seus obxectivos fundacionais. Sen embargo pensamos que a Consellería de Educación e a de Economía, Emprego e Industria deberían de continuar adiante co proxecto, xa que é a consellería a que ten atribuídas as competencias, e polo tanto debe financiarlo, como é a súa obriga.

A Xunta de Galicia non pode facer chantaxe a outras institucións, como a Zona Franca para que aporte fondos, porque a educación é unha competencia exclusiva súa. O goberno galego ten que facer en Vigo o Campus de FP. Falamos dunha iniciativa sobre Formación Profesional que debería emprazarse no núcleo industrial mais importante do Noroeste da Península. Atopámonos ante o permanente chantaxe da Xunta de Galicia e de Feijóo, si Vigo non paga, non se fai; e así vamos acumulando gravísimos incumprimentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a continuar co desenvolvemento do proxecto do *Campus de Formación Profesional de Vigo*. Establecendo a cooperación técnica e orzamentaria necesaria entre a Consellería de Educación e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, que é responsable da Formación Profesional para o Emprego, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/11/2018 13:51:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 13:52
Nº Rexistro: 39950
Data envío: 08/11/2018 13:52:06.646

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/11/2018 13:51:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 13:51:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 13:51:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 13:51:43

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O CEIP de Coirón-Dena (Meaño-Pontevedra) ten case 300 alumnos e alumnas. É unha construción do ano 1969 mais, dende entón, as únicas obras realizadas para o seu mantemento foron algunhas na planta baixa, o cambio de cuberta (feito hai máis de 20 anos) e o cambio do tellado debido a un temporal fai un ano.

Existiu unha intervención relevante na perímetro do centro, que consistiu na ampliación de un aparcadoiro para os profesores, traballadores, pais e nais na entrada do mesmo. Para poder ampliálo, realizouse unha desafección de varias casas utilizadas fai anos polos mestres, derribando un número considerable delas.

Como se comentou anteriormente, o alumnado do colexio CEIP Coirón-Dena alcanza case 300 nenos e nenas, non tendo ningunha instalación adecuada para poder reunir a todos nun mesmo salón de actos, de feito, a pequena sala que usan a modo de salón de actos, ten un aforo aproximado de 80 persoas, aglutinando ao alumnado para que poidan asistir aos actos que programe a Dirección do centro.

E é por este motivo, que a ANPA “Sementeira” leva anos solicitando unhas instalacións adecuadas ao número de alumnos e alumnas que estudian no CEIP Coirón-Dena, proponendo a desafección das casas dos mestres que aínda quedan (totalmente abandonadas) para ampliar o centro, incluso coa posibilidade de construír un edificio de usos múltiples no que o alumnado poida realizar as actividades e actos que non pode no salón de actos actual.

Ademais, esta ampliación ou novo edificio de usos múltiples podería solucionar o problema que ten o colexio co comedor escolar, xa que os nenos e nenas usuarios de este servizo teñen que comer nun barracón de obra, que dista moito de ser un o lugar máis adecuado elo. Así o ten manifestado a ANPA “Sementeira” en varias ocasións, tanto ao xefe territorial de Educación en Pontevedra (por exemplo, mediante escrito de data 22 de marzo de 2013) como á propia consellería de

maneira directa e á alcaldesa de Meaño Lourdes Ucha. Non obtiveron ningunha resposta ao respecto en ningunha das instancias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar as accións necesarias en coordinación co Concello de Meaño para desafectar as antigas casas dos mestres e utilizar os terreos para ampliar o CEIP Coirón-Dena, dando resposta ás necesidades deste centro en termos de espazo para a actividades e para un novo comedor para os alumnos e alumnas do centro.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Concepción Burgo López
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/11/2018 16:35:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 16:35:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 16:35:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 16:35:43

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

Son varias as enfermidades relacionadas co xene KCNQ2: desde a epilepsia neonata familiar benigna á máis grave que é a encefalopatía epiléptica relacionada co xene. Os síntomas tamén varían, retraso no desenvolvemento, pouco ton muscular no centro do corpo, movementos involuntarios nos brazos e nas pernas, incapacidade para falar, dificultades para sentarse de forma independente, pouco contacto visual ...

Unha nena de Laxe que sofre esta alteración na súa forma máis grave, vai en 4º curso de Ensinanza Primaria. Vive coa súa nai e o seu irmán menor de idade. Ata o curso pasado utilizaba un servizo de transporte adaptado, pero o 5 de setembro, a piques de comezar o curso escolar, a súa familia foi informada da supresión do servizo de transporte adaptado para ela. O motivo era que na licitación do servizo, segundo a normativa vixente en materia de contratación, queda baleiro o lote correspondente por falta de interese por parte das empresas de transporte en realizar o servizo para trasladala. Dende o Servizo de Recursos Educativos Complementarios, ofreceuse un importe de licitación de 51 € por día, seguindo indicacións da Consellería de Educación. O problema é que en Laxe tampouco existe posibilidade de taxi adaptado no concello. Así que a única opción que lle queda é que a súa familia se faga cargo do transporte.

Isto supón un grave problema para a nai, que lle dificulta enormemente a conciliación familiar e laboral. Para ela é fundamental que se restableza o servizo de transporte de xeito urxente e inmediato tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a restablecer o servizo de transporte de xeito urxente e inmediato á nena de Laxe tendo en conta as necesidades educativas específicas, así como os horarios de entrada e saída ao centro.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/11/2018 13:15:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/11/2018 13:15:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/11/2018 13:15:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2018 13:16:07

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.^a**, relativa á situación da empresa Isowat Made.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Isowat Made, pertencente ao grupo Invertaresa, encóntrase en concurso de acredores e a piques de ser liquidada salvo que se atope un inversor ou comprador nun curto prazo de tempo.

Isowat ten as súas instalacións no polígono da Grela na Coruña e da emprego nestes momentos a uns 91 traballadores. Pola súa parte Made ten as súas instalacións en Valladolid.

Isowat, antiga Isolux, ten unha traxectoria industrial e tecnolóxica do máximo nivel e sempre foi líder en Galicia, en España e mesmo a nivel internacional no deseño, fabricación e mantemento de cadros de control eléctrico para a industria en xeral con especial incidencia na industria naval, centros de transformación e control de media tensión e infraestruturas eléctricas de todo tipo. Mantén intacta a súa capacidade operativa e está a ofertar numerosas contratacións en procesos de transformación e de nova implantación que se están a desenvolver en Endesa, Repsol, Parques eólicos, etc.

Por todo elo a plantilla está absolutamente perplexa ante unha situación, que á vista do comentado anteriormente, non ten ningunha xustificación e que achacan



a unha nefasta e case suicida xestión do actual propietario. Débeselles parte da paga extra de xuño ademais das nóminas de febreiro, marzo e abril. É evidente que non se pode permitir que unha empresa galega deste nivel e que debería de ter un futuro prometedor ante as expectativas de traballo no seu sector desapareza. Por elo a Xunta de Galicia ten que intervir de maneira moi decidida, moito máis do que está a facer ata o de agora. Isowat é estratéxica e imprescindible para o desenvolvemento da industria 4.0 en Galicia, transformación que a Xunta cualifica como absolutamente prioritaria.

Ante a situación mencionada e en aras de buscar solucións que garantan todos os empregos, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e, a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Implicarse no proceso con actuacións concretas para impedir a liquidación de Isowat.
- 2.- Instar ao Ministerio de Industria e Turismo para que colabore nas iniciativas necesarias para dar solución á situación da empresa.
- 3.- Solicitar ao administrador concursal a segregación da actual Isowat Made en dúas compañías diferenciadas, Isowat e Made, para buscar solucións independentes para cada unha delas.
- 4.- Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un inversor ou posible comprador que posibilite un novo futuro á compañía. Contemplando as posibles



garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispoñe o IGAPE.

5.- Trasladar aos clientes da compañía, cos que a Xunta mantén unha forte relación, a confianza e tranquilidade ante o futuro da mesma.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G. P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 08/11/2018 17:09:12

Luis Villares Naveira na data 08/11/2018 17:09:21



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39995
Data envío: 08/11/2018 18:27:43.024

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa a situación laboral no Hospital do Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal de enfermería do Hospital do Salnés ven de denunciar unha situación de sobrecarga asistencial brutal nas dúas plantas de hospitalización que permanecen abertas, primeira e segunda, toda vez que a terceira plante permanece pechada.

Denuncian que na vez de ter operativa a terceira planta, estase procedendo a distribuír @s doentes polas outras dúas plantas, ou mantel@s en urxencias.

Encóntranse deste xeito plantas con pluripatoloxías, con ingresos, cirurxías, pediatría, xinecoloxía... Unha carga de traballo brutal sen reforzos, que ten unha repercusión negativa na calidade asistencial que se presta. Unha mostra e consecuencia desta sobrecarga é que o centro hospitalario perdeu a acreditación concedida por Unicef de “Hospital amigo dos nen@s”.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39995
Data envío: 08/11/2018 18:27:43.024

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Que proceda a dimensionar o cadro de persoal do hospital do Salnés, de acordo coas ratios profesionais-doentes precisas, como mínimo da media dos hospitais do Sergas, para poder ofrecer unha atención sanitaria cos estándares de calidade esixíbeis a un servizo público esencial como é a sanidade pública.

-Que proceda á apertura da totalidade da terceira planta do hospital do Salnés, durante todo o ano, coa dotación de xeito estábel e permanente do persoal preciso para o funcionamento da mesma.

-Que proceda á contratación do persoal que sexa preciso para cubrir as ausencias de persoal, e que remate coa mobilidade permanente do persoal, tanto de servizos como de especialidades, para cubrir esas ausencias.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:27
Nº Rexistro: 39995
Data envío: 08/11/2018 18:27:43.024

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:19:19

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:19:23

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:19:25

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:19:26

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:19:27

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:19:28



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á situación no servizo de transporte sanitario terrestre e a convocatoria de folga no sector.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte sanitario terrestre é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego está a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo, non se garante a calidade na prestación, e non se respectan os dereitos laborais d@s traballadores/as.

O Sergas sacou a concurso e realizou a adxudicación do servizo de transporte sanitario terrestre, no que as empresas presentaron ofertas á baixa. Este concurso xerou malestar e preocupación entre as empresas galegas do sector, e @s traballadores/as. Existían fundados temores de que tal como se estaba a realizar o concurso puidera haber trato de favor e repercutiría nunha mingua das condicións laborais d@s traballadores/as, e unha perda significativa de emprego e deterioro da calidade asistencial.

Os temores estanse a verificar en feitos, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan ao funcionamento do servizo de ambulancias, @s traballadores/as, @s doentes e á calidade asistencial.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

As empresas concesionarias do servizo pretenden que sexan @s traballadores/as @s as que carguen cos custe. Alegan que os orzamentos dos contratos non lles dan para cubrir os gastos do servizo e, aproveitándose das facilidades introducidas polas reformas laborais, propoñen rebaixas nas condicións laborais e salariais, mesmo teñen solicitado unha inaplicación do convenio que contempla un aumento de horas de traballo, a rebaixa das melloras sociais e unha redución salarial. Xa se ten producido o empeoramento das condicións laborais no que ten que ver co aumento de horas e o incremento, de entre un 10 e un 20%, da carga de traballo a consecuencia do incremento parello dos servizos que ten que atender o 061 tanto urxentes como non urxentes, aumentou o número de servizos, pero non os cadros de persoal. As traballadoras e traballadores son quen sofren as consecuencias.

A patronal do sector está a bloquear calquera posibilidade de negociación e incluso ameaza con despedimentos se os traballadores non aceptan as condicións que propoñen, polo que a Confederación Intersindical Galega ten convocada folga no sector.

Os incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, mais a responsabilidade desta situación tamén é da propia administración, xa que tanto @s responsábeis do 061, como do Sergas son perfectamente coñecedores do que está a acontecer e non realizan as tarefas nin de vixilancia nin de control.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

-Levar a cabo unha función de mediación entre as empresas adxudicatarias do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.

-Que garantice os dereitos laborais d@s traballadores/as que prestan servizo para as empresas adxudicatarias do servizo de transporte sanitario terrestre.

-Que exerza a labor de vixilancia e control, sobre a prestación do servizo por parte das empresas, nas condicións establecidas nos pregos.

-Rectificar a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, nos concursos para a adxudicación do servizo público de transporte sanitario terrestre e @s traballadores/as.”

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2018 18:28
Nº Rexistro: 39998
Data envío: 08/11/2018 18:28:13.648

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/11/2018 18:25:42


Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2018 18:25:46

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/11/2018 18:25:48

Olalla Rodil Fernández na data 08/11/2018 18:25:49

Noa Presas Bergantiños na data 08/11/2018 18:25:50

Xosé Luis Bará Torres na data 08/11/2018 18:25:52



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727